



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 8 de setembro de 2023 (1537/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día oito de setembro de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(746).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión extraordinaria do 28 de agosto, extraordinaria e urxente do 31 de agosto e ordinaria do 1 de setembro de 2023 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(747).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE FORMACIÓN NAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DO "CENTRO DE FORMACIÓN" DA CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL, NA RÚA ALTA Nº 23. (LOTE 1) EXPTE. 248390/301.

Visto o informe de fiscalización do 05/09/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 1/09/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación da prestación de servizos de formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 (248.390-301) (lote 1)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da prestación de servizos de formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 (248.390-301) (lote 1)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 20 de abril de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto, das actividades formativas nas instalacións municipais do “Centro de Formación” da Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, na rúa Alta nº 23, que inclúe a xustificación da necesidade do contrato (trámite n.º 5), as Memorias xustificativa e económica (trámites núms. 31 e 30), o Prego de Prescricións Técnicas (trámite n.º 32), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 27.03.2023 (trámite n.º 50), o documento económico emitido polo Servizo de Contabilidade (trámite n.º 18) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto derivado deste contrato (162.000€), que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310.2270611 “DUSI, OT9, LA 19,FORMACIÓN, RISCO EXCLUSIÓN”.

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía do 19.06.2023 e acordo de delegación da Xunta de Goberno local do 22.06.2023), o 11 de agosto de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Aceptar as xustificacións das baixas con valores anormais ou desproporcionados presentadas por CENTRO DE FORMACIÓN ICA, S.L. (lote 1) e NT FOR LEARNING, S.L. (lote 2).



Concello de Vigo

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da prestación de servizos de formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 (248.390-301) (lotes 1 e 2) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 "Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (repertorio nacional de certificados)":

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	MAGNAFOR QUALITAS, S.L.	87,26 puntos
2	CENTRO DE FORMACIÓN ICA, S.L.	84,50 puntos
3	FORGA	84,32 puntos
4	G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	83,08 puntos
5	UTE NORFORMACIÓN, S.L. - NAVUXIL, S.L.	67,22 puntos

- Lote 2 "Redución da brecha dixital a través do smartphone para persoas en situación ou risco de exclusión social, no Concello de Vigo, no marco das competencias dixitais para a cidadanía DigComp 2.2. (Marco da UE para desenvolver e medir a competencia dixital)":

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	NT FOR LEARNING, S.L	92,50 puntos
2	FOROX INNOVACIÓN, S.L.	83,28 puntos
3	ADECCO FORMACIÓN, S.A.U.	82,53 puntos
4	G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	71,83 puntos
5	FUNDACIÓN ESPLAI CIUDADANÍA COMPROMETIDA	48,67 puntos

Terceiro.- Requirit aos licitadores clasificados en primeiro lugar los lotes 1 e 2, MAGNAFOR QUALITAS, S.L. (B-36.565.679) (lote 1) e NT FOR LEARNING, S.L (B-15.549.413) (lote 2), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que para o lote 1 deberá acreditarse a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC-.*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Este proxecto é susceptible de cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar no lote 1, MAGNAFOR QUALITAS, S.L., o día 21 de agosto de 2023, que presenta a documentación requirida os días 28 e 31 de agosto, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 1 de setembro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar MAGNAFOR QUALITAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por MAGNAFOR QUALITAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 27 de xuño e 13 de xullo de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Concello de Vigo

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a MAGNAFOR QUALITAS, S.L. (B-36.565.679) o lote 1 do procedemento aberto para a contratación da prestación de servizos de formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 (248.390-301) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo máximo do lote é de 81.000,00 euros (exento de IVE), cunha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP do 48%.*
- b) *Propón o establecemento de sistemas de seguimento:*
 - *Establecemento de enquisas sobre a formación impartida ó remate de cada módulo*
 - *Establecemento de enquisas sobre as titorías realizadas*
 - *Establecemento de enquisas sobre as prácticas profesionais realizadas*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(748).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 21174/240.

Visto o informe de fiscalización do 05/09/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 04/09/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo (21.174-240)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo (21.174-240)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 14 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación urxente, dunha póliza de seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial do Concello de Vigo e seus organismos autonomos.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Xefatura de Área de Xestión patrimonial e territorial 08.06.2023.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 06.06.2023.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación de SETECENTOS MIL EUROS (700.000 €), a financiar con cargo a aplicación orzamentaria 9200.2240000 e a súa bolsa de vinculación xurídica, e consonte a seguinte distribución por anualidades:

Anualidades	Importe
2023	350.000 €
2024	350.000 €

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía do 19.06.2023 e acordo de delegación da Xunta de Goberno local do 22.06.2023), o 23 de agosto de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Aceptar a xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por AXA SEGUROS GENERALES, S.A. neste procedemento, en base ao informe emitido polo xefe do Servizo de Patrimonio o 18 de agosto de 2023.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo (21.174-240) na seguinte orde descendente:



Concello de Vigo

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	AXA SEGUROS GENERALES SA DE SEGUROS Y REASEGUROS	98,57
2	MAPFRE ESPAÑA, S.A.	25,01

Terceiro.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, AXA SEGUROS GENERALES SA DE SEGUROS Y REASEGUROS (A-60.917.978), para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, AXA SEGUROS GENERALES SA DE SEGUROS Y REASEGUROS, o día 24 de agosto de 2023, que presenta a documentación requirida os días 30 e 31 de agosto, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 1 de setembro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AXA SEGUROS GENERALES SA DE SEGUROS Y REASEGUROS, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AXA SEGUROS GENERALES SA DE SEGUROS Y REASEGUROS, de acordo co informe de

valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 18 de agosto de 2023.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a AXA SEGUROS GENERALES SA DE SEGUROS Y REASEGUROS (A-60.917.978) o procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo (21.174-240) coas seguintes condicións:

- 1. Propón como prima anual do seguro 507.599,83 euros (exento de IVE).*
- 2. Propón unha redución do importe da franquía sobre o mínimo establecido na cláusula 10 do PPT de 3.000 euros.*
- 3. Propón un incremento nos límites e sublímites sobre o mínimo establecido na cláusula 8 do PPT:*

Límite/Sublímite	Incremento
<i>Límite de indemnización por sinistro e ano (5.000.000 €) para cada unha das garantías do PPT (esta ampliación non afectará a aquelas garantías que teñan establecido un sublímite por sinistro e ano no PPT inferior)</i>	<i>5.000.000</i>
<i>Sublímite de indemnización por vítima para as garantías de responsabilidade civil patronal e cruzada (600.000 €)</i>	<i>600.000 €</i>

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

4(749).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A FORMACIÓN PARA BOMBEIROS, CONDUCTORES-BOMBEIROS, CABOS E SARXENTOS. EXPTE. 6810/213.

Visto o informe de fiscalización do 30/08/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 11/08/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a formación para bomberos, conductores-bomberos, cabos e sarxentos (6.810-213)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo para a formación para bomberos, conductores-bomberos, cabos e sarxentos (6.810-213)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 1 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do servizo de Formación para funcionarios de novo ingreso e promoción interna do Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo de bombeiros en data 5 de maio de 2023.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado polo Servizo de Contratación e asinado pola técnica de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Contratación o 8 de maio de 2023.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 182.001,00 euros (prestación exenta de IVE, artigo 20 Lei 37/1992 do IVE), que se imputará á aplicación orzamentaria 13602279910 “Cursos de formación impartidos por empresas”, do presuposto do exercicio de 2023.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 30 de xuño de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo para a formación para bomberos, conductores-bomberos, cabos e sarxentos (6810-213):

	Licitador	Puntuación
1	SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA S.A.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC-.
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA S.A., o día 7 de xullo de 2023, que presenta a documentación requirida o 18 de xullo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 11 de agosto de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



Concello de Vigo

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA S.A., de conformidade co acordo da Mesa de Contratación do 29 de xuño de 2023 polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula por ser o único admitido.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA S.A. (A-36.715.217) o procedemento aberto para a contratación do servizo para a formación para bomberos, conductores-bomberos, cabos e sarxentos (6.810-213) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 181.995,13 euros exento de IVE.*
- b) *Propón como experiencia do persoal a adscribir ao contrato superior á mínima esixida no punto 5F (“Medios persoais a adscribir ao contrato”):*
 - *Experiencia dos instrutores/formadores principais:*
 - *Experiencia como Técnico/a Superior da Familia de Seguridade e Medio Ambiente (marcar unha das seguintes se é o caso): máis de 10 anos.*
 - *Experiencia como enxeñeiro/a técnico/a na rama de electricidade, industrial ou química con mais de 2 anos.*
 - *Experiencia dos instrutores/formadores de apoio como certificado de profesionalidade nivel 2 na Área de Seguridade e Prevención da familia de Seguridade e Medio Ambiente: máis de cinco (5) anos.*

5.- Propón un incremento do número de instrutores/formadores principais na fase práctica da formación a maiores do mínimo esixido.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(750).- PROPOSTA DE COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6918/241.

Dáse conta do informe-proposta de data 05/09/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral e conformada pola concelleira-delegada da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público (RLCSP)

ANTECEDENTES

I. O Concello de Vigo contaba cunha Mesa de Contratación permanente, designada pola Xunta de Goberno local na sesión do 4 de xullo de 2019, cuxa composición, logo de diversas modificacións (en datas 13 de xaneiro, 23 de xuño e 22 de xullo de 2022) era a seguinte:

“1. Presidenta: D^a Patricia Rodríguez Calviño, concelleira delegada de Contratación

- *Suplentes: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez, D^a. Elena Espinosa Mangana, D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez, D^a Iolanda Aguiar Castro e D. Abel Fermin Losada Álvarez.*

2. Representante do grupo municipal do Partido Popular: D. José Alfonso González Marnotes

- *Suplentes: D^a. Carlota Bartolomé Tocino e D^a. Patricia López Román*

3. Representante do grupo municipal mixto: D. Rubén Pérez Correa

- *Suplentes: D^a. Oriana Méndez Fuentes*

4. Titular da Asesoría Xurídica. D^a. Margarita Parajó Calvo

Suplentes:

- *D^a. Susana García Álvarez, técnica de Administración Xeral, letrada xefa de Asesoramento*



Concello de Vigo

- *D. Pablo Olmos Pita, técnico de Administración Xeral, letrado especialista na orde social, civil, contenciosa e mercantil*
- *D. Xesús Costas Abreu, técnico de Administración Xeral, xefe da Área Xudicial*
- *D^a. María Isabel Fernández Gabriel, letrada asesora xurídica.*
- *D^a. Elena Ares Salgado, letrada asesora xurídica.*

5. *Interventor xeral: D. Alberto Escariz Couso*

Suplentes:

- *D^a Olga Gómez Corbal, interventora xeral adxunta*
- *D^a. Dolores Hernández Vidal, xefa do Servizo de Fiscalización*
- *D^a. Catalina Alfayate Rodríguez, técnica de Fiscalización e Control Financeiro*
- *D. Javier Muradás Blanco, técnico medio dos Servizos Económicos da Intervención Xeral*

6. *Vogal: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, xefa do Servizo de Contratación*

Suplentes:

- *D^a. María Dolores Sotelo Gallego, técnica de Administración xeral*
- *D^a. Carmen Pintado Garcia, técnica de Administración xeral, xefa do Servizo de Transportes*

7. *Vogal: D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio dos Servizos Económicos de Dirección de Ingresos*

Suplentes:

- *D^a. Dolores Hernández Vidal, xefa do Servizo de Fiscalización*
- *D^a. Catalina Alfayate Rodríguez, técnica de Fiscalización e Control Financeiro*
- *D. Javier Muradás Blanco, técnico medio dos Servizos Económicos da Intervención Xeral*

8. *O/a xefe/a do servizo ou área xestora, ou o técnico que designe.*

9. *Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, técnica de Administración xeral*

Suplentes:

- *D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, xefa do Servizo de Contratación*
- *D^a. María Dolores Sotelo Gallego, técnica de Administración xeral*
- *D^a. Carmen Pintado Garcia, técnica de Administración xeral, xefa do Servizo de Transportes”*

II. Para dar estabilidade e continuidade ao órgano de apoio en materia de contratación deste Concello, con data do 1 de xuño de 2023, a Xunta de Goberno local designou unha nova Mesa Permanente con motivo do período que media entre a toma de posesión da Corporación o 17 de xuño de 2023 e a entrada en vigor da nova Mesa de Contratación que debe ser designada pola nova Xunta de Goberno local. A composición desta Mesa é a seguinte:

“1. Presidenta: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, xefa do Servizo de Contratación

Suplente:

- *D^a. Carmen Pintado Garcia, técnica de Administración xeral, xefa do Servizo de Transportes*

2. Titular da Asesoría Xurídica: D^a. Margarita Parajó Calvo

Suplentes:

- *D^a. Susana García Álvarez, técnica de Administración xeral, letrada xefa de Asesoramento*
- *D. Pablo Olmos Pita, técnico de Administración xeral, letrado especialista na orde social, civil, contenciosa e mercantil*
- *D^a María Isabel Fernández Gabriel, letrada asesora xurídica*
- *D^a. Elena Ares Salgado, técnico de Administración xeral*

3. Interventor xeral: D. Alberto Escariz Couso

Suplentes:

- *D^a Olga Gómez Corbal, Interventora xeral adxunta*
- *D^a. Dolores Hernández Vidal, xefa do Servizo de Fiscalización*
- *D^a. Catalina Alfayate Rodríguez, técnica de Fiscalización e Control Financeiro*
- *D. Javier Muradás Blanco, técnico medio dos Servizos Económicos da Intervención Xeral*

4. Secretario: D^a. Ángela Fernández López, técnica de Administración xeral



Concello de Vigo

Suplente:

- *M^a Dolores Sotelo Gallego*”.

En cumprimento do disposto nos artigos 326.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público (LCSP) e 21.4 do RD 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, o acordo de composición desta Mesa publicouse no perfil de contratante o 1 de xuño de 2023 e no BOP o 6 de xuño, por tratarse dunha mesa permanente, e a súa entrada en vigor tivo lugar o 8 de xuño por esixir o citado artigo 21.4 que a publicación se faga cunha antelación de 7 días “*con respecto á reunión que deba celebrar para a cualificación da documentación referida no artigo 130.1 da Lei 30/2007, do 30 de outubro*”.

III. Con data do 4 de agosto de 2023, a concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal formulou a seguinte proposta:

“Primeiro.- Propoñer como vogais da mesa de contratación permanente do Concello de Vigo aos seguintes membros electos:

- *Presidenta titular: D^a Patricia Rodríguez Calviño, concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.*

Suplentes: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, D^a. Elena Espinosa Mangana, D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez, D^a. María Olga Alonso Suárez e D. Jaime Aneiros Pereira.

- *1 vogal-concelleiro proposto polo Grupo Político Municipal Socialista (titular e 2 suplentes)*
- *1 vogal-concelleiro proposto polo Grupo Político Municipal do Partido Popular (titular e 2 suplentes)*
- *1 vogal-concelleiro proposto polo Grupo Político Municipal do Bloque Nacionalista Galego (titular e 2 suplentes)*

Segundo.- Solicitar aos grupos municipais: Grupo municipal socialista, Grupo municipal do Partido Popular, e Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, para que no prazo de 10 días comuniquen á Área de Contratación os concelleiros/as, titular e dous suplentes, que formarán parte da nova mesa de contratación permanente.

Terceiro.- Os membros da Mesa de Contratación deberán facer un uso responsable da información obtida pola súa participación nela, garantindo a súa confidencialidade de conformidade cos artigos 73.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladoras das bases do réxime local e 16.3 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización,

Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) e co código de bo goberno local (acordo plenario de 30 de novembro de 2015), absténdose de subministrar calquera dato confidencial ou información suxeita a protección datos. Así mesmo, terán en conta o disposto no artigo 64 da LCSP sobre prevención de conflitos de intereses”.

Esta proposta foi notificada aos tres grupos municipais o 4 de agosto de 2023. O 10 de agosto a Secretaría Xeral remitiu a documentación presentada polo Grupo Político Municipal Socialista e o Grupo Político Municipal do Bloque Nacionalista Galego, tras a súa entrada no Rexistro Xeral do Pleno o mesmo día, dentro do prazo concedido (nº rexistro 3975/1101 e 3976/1101, respectivamente).

Unha vez rematado o prazo, o 23 de agosto de 2023, a Secretaría Xeral remite a documentación presentada polo Grupo Político Municipal do Partido Popular tras a súa entrada no Rexistro Xeral do Pleno o mesmo día (nº rexistro 3978/1101).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- I -

NATUREZA

As mesas de contratación cumpren unha función de asistencia técnica especializada, en tanto que valoran as ofertas e propoñen ao candidato mellor valorado (artigo 326.2 LCSP).

A LCSP permite que se constitúan mesas de contratación permanentes para as corporacións locais (DA 7ª LCSP), polo que parece adecuado, para darlle estabilidade ao órgano de apoio en materia de contratación deste Concello, proceder á constitución dunha mesa permanente. Isto sen prexuízo de que se poidan nomear Mesas específicas para determinados expedientes, cando así o considere oportuno o órgano de Contratación, xustificando as circunstancias que o motivan.

- II -

SUPOSTOS PRECEPTIVOS DE CONSTITUCIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

Agás no caso no que a competencia para contratar corresponda a unha Xunta de Contratación, nos procedementos abertos, aberto simplificado, restrinxidos, de diálogo competitivo, de licitación con negociación e de asociación para a innovación, os órganos de contratación das Administracións Públicas estarán asistidos por unha mesa de contratación.

Nos procedementos negociados nos que non sexa necesario publicar anuncios de licitación, a constitución da mesa será potestativa para o órgano de contratación, agás cando se fundamente na existencia dunha imperiosa urxencia prevista na letra b) 1.º do artigo 168 LCSP, no que será obrigatoria a constitución da mesa.



Concello de Vigo

Nos procedementos aos que se refire o artigo 159.6 (procedementos abertos abreviados simplificados) será igualmente potestativa a constitución da mesa.

-III-

COMPOSICIÓN

A Mesa estará constituída por un presidente, os vogais que se determinen regulamentariamente, e un secretario (artigo 326.3 LCSP). O secretario deberá ser designado entre funcionarios ou, no seu defecto, outro tipo de persoal dependente do órgano de contratación, e entre os vogais deberán figurar necesariamente un funcionario dos que teñan atribuído legal ou regulamentariamente o asesoramento xurídico do órgano de contratación e un interventor, ou, a falta de estes, unha persoa ao servizo do órgano de contratación que teña atribuídas as funcións correspondentes ao seu asesoramento xurídico, e outra que teña atribuídas as relativas ao seu control económico-orzamentario (artigo 326.5 LCSP).

No caso das corporacións locais, a disposición adicional 2ª.7 da LCSP establece unha composición mínima e obrigatoria das mesas de contratación das Entidades Locais. En cumprimento desta disposición, é preciso proceder ao nomeamento dos membros que formarán parte da Mesa permanente do Concello de Vigo.

Consonte ao citado artigo "A Mesa de contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario desta, e formarán parte dela, como vogais, o secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico-orzamentario, así como aquel outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supoñer máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como secretario un funcionario da Corporación".

A LCSP presenta unha limitación subxectiva en relación ao número de cargos electos que poden formar parte, de tal xeito que, en ningún caso, poidan supoñer máis dun terzo do total de membros (apartado 7 da DA 2ª LCSP). A diferenza doutros órganos, como as comisións informativas, non existe obriga legal de que os membros da oposición estean integrados nas mesas de contratación. No entanto, parece conveniente que unha representación plural se incorpore á mesa de contratación como mecanismo de transparencia e goberno aberto.

O persoal eventual non pode formar parte da mesa de contratación e tampouco poden emitir informes de valoración.

O persoal directivo, a diferenza do persoal eventual, poderá tanto formar parte das mesas de contratación como emitir informes de valoración, sempre que, a pesar de non ter a condición de funcionario, reúna as garantías precisas de imparcialidade, obxectividade e competencia e conte coa titulación que sexa adecuada á materia que sexa obxecto do contrato.

A competencia para o nomeamento dos membros da Mesa de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local (artigo 326.4 LCSP).

-IV-

FUNCIÓNS

Segundo o artigo 326.2 da LCSP e o artigo 22 do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, a mesa de contratación desempeñará as seguintes funcións nos procedementos abertos de licitación:

a) Cualificará as documentacións de carácter xeral acreditativas da personalidade xurídica, capacidade de obrar, apoderamento e solvencia económica financeira, técnica e profesional dos licitadores, comunicando aos interesados os defectos e omisións emendables que aprecie na documentación. Para tal fin reunirse coa antelación suficiente, previa citación de todos os seus membros.

b) Determinará os licitadores que deban ser excluídos do procedemento por non acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Abrirá as proposicións presentadas dando a coñecer o seu contido.

d) Cando o procedemento de valoración se articule en varias fases, determinará os licitadores que teñan que quedar excluídos por non superar o limiar mínimo de puntuación esixido ao licitador para continuar no proceso selectivo.

e) Valorará as distintas proposicións, clasificándoas na orde decrecente de valoración, para cuxo efecto poderá solicitar os informes técnicos que considere precisos.

f) Cando entenda que algunha das proposicións podería ser cualificada como anormal ou desproporcionada, tramitará o procedemento previsto, e en vista do seu resultado proporá ao órgano de contratación a súa aceptación o rexeitamento. Para estes efectos, a mesa de contratación deberá identificar as ofertas que se atopen incursas en presunción de anormalidade (artigo 149 LCSP).

g) Fóra do caso previsto na letra anterior proporá ao órgano de contratación a adxudicación.

No procedemento restrinxido, no diálogo competitivo, no de licitación con negociación e no de asociación para a innovación, a selección dos candidatos cando así se delegue polo órgano de contratación, facéndoo constar no prego de cláusulas administrativas particulares.

Ademais:

h) Cando a mesa de contratación apreciara posibles indicios de colusión entre empresas que concorran agrupadas nunha unión temporal, requirirase a estas



Concello de Vigo

empresas para que, dándolles prazo suficiente, xustifiquen de forma expresa e motivada as razóns para concorrer agrupadas (artigo 69 LCSP).

i) A mesa está autorizada para consultar os datos recollidos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou nas listas oficiais de operadores económicos dun Estado membro da Unión Europea (artigo 139 LCSP).

j) A valoración dos criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor, así como, en todo caso, a dos criterios avaliáveis mediante a utilización de fórmulas, efectuarase pola mesa de contratación, se intervén, e cando non se constitúe comité de expertos (artigo 146 LCSP).

k) No curso do procedemento as mesas de contratación cumprirán coa súa obriga de confidencialidade nos termos establecidos na LCSP, polo que no revelarán aos demais participantes os datos designados como confidenciais que lles teña comunicado un candidato ou licitador sen o previo consentimento de este (artigo 169 LCSP).

-V-

PUBLICIDADE

A composición da mesa publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación correspondente. O artigo 63.5 da LCSP establece que: *“Deberán ser obxecto de publicación no perfil de contratante, así mesmo, os procedementos anulados, a composición das mesas de contratación que asistan aos órganos de contratación, así como a designación dos membros do comité de expertos ou dos organismos técnicos especializados para a aplicación de criterios de adjudicación que dependan dun xuízo de valor nos procedementos nos que sexan necesarios.*

En todo caso deberá publicarse o cargo dos membros das mesas de contratación e dos comités de expertos, non permitíndose alusións xenéricas ou indeterminadas ou que se refiran unicamente á Administración, organismo ou entidade á que representen ou na que prestasen os seus servizos”.

O artigo 21.4 do Real decreto 817/2009 establece que a súa composición publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación correspondente, cunha antelación mínima de **7 días** con respecto á reunión que deba ter lugar para a cualificación da documentación para a válida constitución dunha mesa de contratación no ámbito local se require a metade máis un dos seus membros e, como mínimo, a presenza do presidente, do titular da secretaría (ou titular da Asesoría Xurídica nos municipios de grande poboación), do titular da intervención e do secretario/a do órgano. Polo tanto, a eficacia do nomeamento da mesa quedará demorada ata que transcorran 7 días tras a súa publicación no perfil de contratante (artigo 39 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas en relación co artigo 21.4 do Real decreto 817/2009).

Se é unha mesa permanente, ou se lle atribúen funcións para unha pluralidade de contratos, a súa composición deberá publicarse ademais no Boletín da Provincia no ámbito local.

-VI-

COMPETENCIA

A competencia para acordar a composición da mesa de contratación permanente e as súas normas de funcionamento correspóndelle á Xunta de Goberno Local (artigo 326.4 e apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Primeiro.- Modificar a composición da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Vigo.

A Mesa de Contratación quedará formada polos seguintes membros:

“1. Presidenta: D^a Patricia Rodríguez Calviño, concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal

- Suplentes: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, D^a. Elena Espinosa Mangana, D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez, D^a. María Olga Alonso Suárez e D. Jaime Aneiros Pereira.*

2. Representante do Grupo Municipal do Partido Popular: D^a. Luisa María Sánchez Méndez

- Suplentes: D. José Miguel Martín Peña e D. Fernando González Abeijón*

3. Representante do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego: D. Xabier Pérez Igrexas

- Suplentes: D^a. Ana Martínez Piñeiro e D. Filipe Abalde Comesaña*

4. Representante do Grupo Municipal Socialista: D. Carlos López Font

- Suplentes: D^a. Yolanda Aguiar Castro e D^a. Ana Laura Iglesias González*

5. Titular da Asesoría Xurídica. D^a. Margarita Parajó Calvo

Suplentes:



Concello de Vigo

- *D^a. Susana García Álvarez, técnica de Administración Xeral, letrada xefa de Asesoramento*
- *D. Pablo Olmos Pita, técnico de Administración Xeral, letrado especialista na orde social, civil, contenciosa e mercantil*
- *D^a. María Isabel Fernández Gabriel, letrada asesora xurídica*
- *D^a. Elena Ares Salgado, letrada asesora xurídica*

6. *Interventor xeral: D. Alberto Escariz Couso*

Suplentes:

- *D^a Olga Gómez Corbal, interventora xeral adxunta*
- *D^a. Dolores Hernández Vidal, xefa do Servizo de Fiscalización*
- *D^a. Catalina Alfayate Rodríguez, técnica de Fiscalización e Control Financeiro*
- *D. Javier Muradás Blanco, técnico medio dos Servizos Económicos da Intervención Xeral*

7. *Vogal: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos*

Suplentes:

- *D^a. María Dolores Sotelo Gallego, técnica de Administración xeral*
- *D^a. Ángela Fernández López, técnica de Administración xeral*
- *D^a. Carmen Pintado Garcia, técnica de Administración xeral, xefa do Servizo de Transportes*
- *D^a. María Dolores Vieites Alén, adxunta á Dirección de Ingresos*

8. *Vogal: D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos de Dirección de Ingresos*

Suplentes:

- *D^a. Dolores Hernández Vidal, xefa do Servizo de Fiscalización*
- *D^a. Catalina Alfayate Rodríguez, técnica de Fiscalización e Control Financeiro*
- *D. Javier Muradás Blanco, técnico medio dos Servizos Económicos da Intervención Xeral*

9. *Vogal: D^a. María Dolores Sotelo Gallego, técnica de Administración xeral*

Suplentes:

- *D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos*
- *D^a. Ángela Fernández López, técnica de Administración xeral*
- *D^a. Carmen Pintado Garcia, técnica de Administración xeral, xefa do Servizo de Transportes*
- *D^a. Catalina Alfayate Rodríguez, técnica de Fiscalización e Control Financeiro*

10. Vogal: D. José Ángel Otero Lamas, xefe da Área de Investimentos

Suplentes:

- *D. Xacobe Paz Salgado, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos*
- *D^a. Ruth María Gallego Santos, técnica de Xestión*

11. O/a xefe/a do servizo ou área xestora, ou o/a técnico/a que designe

12. Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, técnica de Administración xeral

Suplentes:

- *D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos*
- *D^a. María Dolores Sotelo Gallego, técnica de Administración xeral*
- *D^a. Carmen Pintado Garcia, técnica de Administración xeral, xefa do Servizo de Transportes"*

Segundo.- Publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo e no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Comunicar este acordo aos membros da Mesa de Contratación para o seu coñecemento e efectos oportunos".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

6(751).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA POLA QUE SE APROBA O “PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA, BENS DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS E BENS DE NATUREZA RÚSTICA DO ANO 2023”. EXPTE. 60305/512.

Dáse conta da Resolución de data 21/08/2023, asinada polo concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolucións de Delegación de Alcaldía de datas 19 e 20 de xuño de 2023 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral).

De conformidade co Informe Proposta da Dirección de Ingresos, de data 18 de agosto de 2023.

RESOLVO:

1. **APROBAR** O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DO ANO 2023 por importe de **71.344.632,03 €** que consta de 210.086 inscricións de **BENS DE NATUREZA URBANA** por importe de **68.640.774,33 €** segundo relación que comeza por -ALONSO COSTAS ENRIQUE e remata por ZUÑIGA VILLAR JOSE ANTONIO, de 741 inscricións de **BENS DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS** por importe de **2.691.942,08 €** segundo relación que comeza por A PEREZ Y CIA SL e remata por XUNTA DE GALICIA" e de 722 inscricións de **BENS DE NATUREZA RÚSTICA** por importe de **11.915,62 €** segundo relación que comeza por -VILA SERODIO JOSE e remata por ZUNZUNEGUI PEREZ PEDRO JAVIER.

2. **Dar conta á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 da Ordenanza fiscal xeral.

3. **Proceder á exposición pública** durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

7(752).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA REVISIÓN DE PREZOS DOS ALUGUERES DA ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL HERNÁN CORTÉS. EXPTE. 26133/332.

Visto o informe de fiscalización de data 29/08/2023, dáse conta do informe-proposta do 10/07/2023, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES.

1) Conforme aos artigos 25.2.n da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e 80.2 n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALGA) , os municipios exercerán como competencias propias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias que afectan a este Servizo :

“Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para construción de novos centros docentes. A Conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.”

2) O Concello de Vigo ten concertado a través do Servizo de Patrimonio os seguintes contratos de aluguer de locais cedidos á Consellería de Educación da Xunta de Galicia para impartición de Educación Infantil (Escola de Educación Infantil Hernán Cortés) como servizos públicos municipais, vendo obrigado ao aboamento da correspondente renda mensual nas contías sinaladas.

NOME	CIF	local	Data contrato	Aplicación	I. Bruto	IMPORT E
Pérez Sarabia Ana María	36063470-E	Hernán Cortés 15-D	10/10/1991	3230 2020000		1.959,95 €
Pérez Sarabia Ana María	36063470-E	Hernán Cortés 15-I	18/05/1995	3230 2020000		1.594,68 €

Os importes recollidos na anterior táboa son os derivados da actualización de prezos realizada no ano 2017 e véñense pagando desde ese ano mensualmente á arrendadora. Os últimos pagamentos realizados por estes conceptos corresponden ao mes de xuño de 2023.

3) Dna. Ana María Pérez Sarabia, en escritos con datas 28/02 e 19/04/2022 (documentos 220043156 e 220076730), solicita a actualización das rendas de aluguer dos locais dos que é propietaria e que conforman a EEI Hernán Cortés (locais baixo dereita e baixo esquerda do inmovible situado na rúa Hernán Cortés núm. 15).

II.- REVISIÓN DE PREZOS

1.- As estipulacións dos contratos de arrendamento asinados entre o arrendador e o Concello de Vigo indican que a renda pactada será obxecto de revisión cada ano, conforme ao aumento ou diminución que en cada período experimente o Índice de Prezos de Consumo (IPC) que fixe con carácter nacional o Instituto Nacional de Estatística.

2.- Cálculos para a revisión de prezos.

Para o calculo da revisión téñense en conta os seguintes datos (sistema IPC base 2021), que se analizan por separado para cada un dos inmobles. Os importes que se detallan xa



Concello de Vigo

teñen incorporado o IVE correspondente.

A) Inmable baixo dereita:

Período revisión	IPC	Pagado mensual	Renda actualizada (mes)	Diferenza (mes)	Período a aplicar	N.º meses	Total atrasos anual
Out 2017 - out 2018	2,3%	1.959,95	2.005,03	45,08	De nov 2018 a out 2019	12	540,96
Out 2018 - out 2019	0,1%	1.959,95	2.007,04	47,09	De nov 2019 a out 2020	12	565,08
Out 2019 - out 2020	-0,8%	1.959,95	1.990,98	31,03	De nov 2020 a out 2021	12	372,36
Out 2020 - out 2021	5,4%	1.959,95	2.098,49	138,54	De nov 2021 a out 2022	12	1.662,48
Out 2021 - out 2022	7,3%	1.959,95	2.251,68	291,73	De nov 2021 a xuñ 2023	8	2.333,84
							5.474,72 €

En consecuencia, queda establecida como nova mensualidade para a renda deste local a partir do mes de novembro de 2022 o importe de 2.251,68 euros, correspondendo aboar en concepto de atrasos ata o mes de xuño de 2023 unha cantidade de 5.474,72 euros.

B) Inmable baixo esquerda:

Período revisión	IPC	Pagado mensual	Renda actualizada (mes)	Diferenza (mes)	Período a aplicar	N.º meses	Total atrasos anual
Mai 2017 - mai 2018	2,1%	1.594,68	1.628,17	33,49	De xuñ 2018 a mai 2019	12	401,88
Mai 2018 - mai 2019	0,8%	1.594,68	1.641,20	46,52	De xuñ 2019 a mai 2020	12	558,24
Mai 2019 - mai 2020	-0,9%	1.594,68	1.626,43	31,75	De xuñ 2020 a mai 2021	12	381,00
Mai 2020 - mai 2021	2,7%	1.594,68	1.670,34	75,66	De xuñ 2021 a mai 2022	12	907,92
Mai 2021 - mai 2022	8,7%	1.594,68	1.815,66	220,98	De xuñ 2022 a mai 2023	12	2.651,76
Mai 2022 - mai 2023	3,2%	1.594,68	1.873,76	279,08	Xuño 2023	1	279,08
							5.179,88 €

En consecuencia, queda establecida como nova mensualidade para a renda deste local a partir do mes de xuño de 2023 o importe de 1.873,76 euros, correspondendo aboar en concepto de atrasos ata ese mes unha cantidade de 5.179,88 euros.

3.- Atrasos a aboar.

Á vista das contas anteriores, correspondería aboar á arrendadora en concepto de atrasos desde o ano 2017 ata o mes de xuño de 2023 unha cantidade total de **10.654,60 euros** (5.474,72 euros polo baixo dereita + 5.179,88 euros polo baixo esquerda).

III.- APLICACIÓN DOS CRÉDITOS MUNICIPAIS DA REVISIÓN DE PREZOS

Para poder afrontar o gasto indicado, detraerase esta obriga económica da aplicación orzamentaria 3230.202.0000 "Aluguer de locais educativos".

IV.- COMPETENCIA E PROPOSTA.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o desenvolvemento da

xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal.

Á vista do anteriormente exposto, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, e coa conformidade da concelleira delegada de Educación e dos concelleiros das Áreas de Goberno de Educación e de Orzamentos e Facenda, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19 e 20/06/2023, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a revisión de prezos dos alugueres da Escola de Educación Infantil Hernán Cortés (rúa Hernán Cortés nº 15 baixos dereita e esquerda) a favor de dona ANA MARÍA PÉREZ SARABIA con DNI 36063470E, como propietaria dos devanditos locais arrendados, resultando tras a aplicación dos correspondentes criterios de revisión, os seguintes importes:

- Para o local baixo dereita un **importe mensual de 2.251,68 euros** (IVE incluído) a partir de outubro de 2022, resultando unha nova renda anual por importe de 27.020,16 euros, de acordo cos seguintes cálculos:

Período revisión	IPC	Pagado mensual	Renda actualizada (mes)	Diferenza (mes)	Período a aplicar	N.º meses	Total atrasos anual
Out 2017 - out 2018	2,3%	1.959,95	2.005,03	45,08	De nov 2018 a out 2019	12	540,96
Out 2018 - out 2019	0,1%	1.959,95	2.007,04	47,09	De nov 2019 a out 2020	12	565,08
Out 2019 - out 2020	-0,8%	1.959,95	1.990,98	31,03	De nov 2020 a out 2021	12	372,36
Out 2020 - out 2021	5,4%	1.959,95	2.098,49	138,54	De nov 2021 a out 2022	12	1.662,48
Out 2021 - out 2022	7,3%	1.959,95	2.251,68	291,73	De nov 2021 a xuñ 2023	8	2.333,84
							5.474,72 €

- Para o local baixo esquerda un **importe mensual de 1.873,76 euros** (IVE incluído) a partir de xuño de 2023, resultando unha nova renda anual por importe de 22.485,12 euros, de acordo cos seguintes cálculos:

Período revisión	IPC	Pagado mensual	Renda actualizada (mes)	Diferenza (mes)	Período a aplicar	N.º meses	Total atrasos anual
Mai 2017 - mai 2018	2,1%	1.594,68	1.628,17	33,49	De xuñ 2018 a mai 2019	12	401,88
Mai 2018 – mai 2019	0,8%	1.594,68	1.641,20	46,52	De xuñ 2019 a mai 2020	12	558,24
Mai 2019 - mai 2020	-0,9%	1.594,68	1.626,43	31,75	De xuñ 2020 a mai 2021	12	381,00
Mai 2020 - mai 2021	2,7%	1.594,68	1.670,34	75,66	De xuñ 2021 a mai 2022	12	907,92
Mai 2021 - mai 2022	8,7%	1.594,68	1.815,66	220,98	De xuñ 2022 a mai 2023	12	2.651,76
Mai 2022 - mai 2023	3,2%	1.594,68	1.873,76	279,08	Xuño 2023	1	279,08
							5.179,88 €

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos incluídos na aplicación orzamentaria 3230.202.0000 “Aluguer de locais educativos” e bolsa de vinculación.

Segundo.- Recoñecer en concepto de atrasos desde o ano 2017 ata o mes de xuño de 2023 a cantidade total de **10.654,60 euros** a favor de Dna. ANA MARÍA PÉREZ SARABIA.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

8(753).- CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO ACORDO “BASES DE SELECCIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO DOCENTE E APOIO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO FORMAWEB V”, NOS REQUISITOS MÍNIMOS DO BAREMO DO EXPERTO DOCENTE DO EQUIPO DIRECTIVO. EXPTE. 20370/77.

Dáse conta do informe-proposta de data 05/09/2023, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento local e conformado pola concelleira-delegada da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- No DOG Núm. 78 do Luns 12 de abril de 2023, consta publicada a Orde *12 de abril de 2023* pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe), no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na súa convocatoria para o ano 2023 e 2024 (código de procedemento TR353B). Trátase dun programa financiado con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023-2024.

II.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 19 de maio de 2023, acordou aprobar o proxecto denominado “Obradoiro de Emprego FORMAWEB V”, elaborado polo Servizo de Participación cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo (expte. 20059-77) e presentar a solicitude da axuda que foi remitida a través da sede electrónica da Xunta de Galicia con data 23/05/2023.

III.- Con data do 04 de agosto de 2023, recíbese a notificación da concesión da resolución da xefatura territorial de Vigo da consellería da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, concedendo a subvención solicitada, por importe total de 424.836,96€, para a realización do proxecto do Programa de emprego denominado “FORMAWEB V” para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) (Nº de expte. TR353B 36/00004/2023), ao abeiro da Orde do 12 de abril de 2023 (publicada no DOG do 24/04/2023) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe), no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na súa convocatoria para o ano 2023 e 2024. Unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de **424.836,96€** para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado.

IV. A Xunta de Goberno Local, na **sesión extraordinaria e urxente do 11 de agosto de 2023**, acordou: *Aceptar a subvención concedida* para a realización do Programa de emprego denominado “FORMAWEB V” para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) (Nº de expte. TR353B 36/00004/2023), mediante resolución da xefatura territorial de Vigo da consellería da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, ao abeiro da Orde do 12 de abril de 2023 (publicada no DOG do 24/04/2023) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas

incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe), no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na súa convocatoria para o ano 2023 e 2024, polo importe de **424.836,96€** para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado.

V. A Orde da convocatoria regula dun xeito xenérico o procedemento de selección de todo o persoal participante no programa, polo que a DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E ORIENTACIÓN remitiu, por correo electrónico o 04 de agosto de 2023, Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e dos obradoiros duais de emprego (Convocatoria 2023-24), de data 14 de xuño de 2023, para ditar directrices máis polo miúdo, coa finalidade de dotar dunha maior transparencia e eficacia a xestión do dito procedemento, así como para que todas as entidades sigan unhas pautas de actuación que terán o carácter de xerais e que cada unha concretará atendendo ás peculiaridades de cada un dos proxectos.

A selección da presente convocatoria, será realizada pola entidade promotora, que será a encargada de seleccionar o persoal directivo, docente e de apoio e ao alumnado do obradoiro de emprego para as persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.

A entidade promotora, no proceso de selección, actuará sempre de acordo aos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación. Así mesmo, as devanditas actuacións cumprirán cos requisitos mínimos e cos criterios de preferencia establecidos nas correspondentes ordes de convocatoria e instrucións. A entidade promotora deberá establecer as normas de constitución e funcionamento do órgano de selección correspondente.

VI. A Xunta de Goberno Local, na **sesión extraordinaria e urxente do 31 de agosto de 2023**, adoptou o seguinte acordo:

1. **Aprobar as bases de selección** do EQUIPO DIRECTIVO (experto/a docente, director/a, titor/a e persoal administrativo) do obradoiro de emprego de garantía xuvenil **FORMAWEB V** (cofinanciado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, conforme á resolución da xefatura territorial de Vigo da consellería da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, ao abeiro da Orde do 12 de abril de 2023 (publicada no DOG do 24/04/2023) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe), no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na súa convocatoria para o ano 2023 e 2024, polo importe de **424.836,96€** para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado.
2. **Encomendar á** Terceira Tenente de alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, as sucesivas actuacións que se desenvolvan na tramitación e xestión do proceso de selección do persoal



Concello de Vigo

directivo, docente e de apoio do obradoiro de emprego para as persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil FORMAWEB V.

3. Dar traslado do presente acordo á Área de RRHH e Formación e á Intervención Xeral Municipal para coñecemento e efectos oportunos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Advírtese un erro nos **REQUISITOS MÍNIMOS** que constan no Anexo relativo ao baremo de selección dos expertos- docentes do Obradoiro de Emprego de Garantía Xuvenil FORMAWEB V, no punto relativo á titulación e experiencia requirida, que non se corresponden cos esixidos nos RD reguladores dos certificados de profesionalidade (RD 1531/2011, de 31 de outubro modificado polo RD 628/2013, de 2 de agosto, que regula o certificado de profesionalidade (IFCD0210) DESARROLLO DE APLICACIONES CON TECNOLOGÍAS WEB; e RD 686/2011, de 13 de maio modificado polo RD 628/2013, de 2 de agosto (IFCT0109) SEGURIDAD INFORMÁTICA) polo que cómpre a súa corrección.

De xeito que onde di:

“- TITULACIÓN REQUIRIDA E/OU EXPERIENCIA PROFESIONAL NA ESPECIALIDADE, no ámbito empresarial ou de obradoiros de emprego/escolas obradoiro, nos últimos 10 anos, mínimo oficial 1ª.

Requírense 2 anos de experiencia profesional con titulación requirida ou 4 anos de experiencia profesional sen titulación requirida.

Titulación requirida

- *Estudios Universitarios relacionados coas especialidades de Desenvolvemento de Aplicacións con Tecnoloxía web e de Seguridade Informática.*

- *Técnico Superior relacionado coas especialidades de Desenvolvemento de Aplicacións con Tecnoloxía web e de Seguridade Informática.”*

Deberá dicir:

“ - TITULACIÓN REQUIRIDA E/OU EXPERIENCIA PROFESIONAL NA ESPECIALIDADE, no ámbito empresarial ou de obradoiros de emprego/escolas obradoiro, nos últimos 10 anos, mínimo oficial 1ª.

Requírense 2 anos de experiencia profesional nos tres últimos anos con titulación requirida”.

Titulación requirida

- *Estudios Universitarios relacionados coas especialidades de Desenvolvemento de Aplicacións con Tecnoloxía web e de Seguridade Informática.*

De acordo do disposto no artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), as Administracións públicas poderán, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

A presente corrección de erros non altera o contido económico do acordo adoptado, fiscalizado favorablemente segundo informe da Intervención Xeral Municipal de data 29 de agosto de 2023.

Por todo o anteriormente exposto, dacordo co informe de fiscalización de data 29 de agosto de 2023 da Intervención Xeral Municipal, e, previa conformidade da Terceira Tenente de Alcalde e Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Resolución de Alcaldía de 19 de xuño de 2023 e publicadas no BOPPO nº 123 do 27/06/2, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO: Rectificar, de conformidade cos fundamentos de feito e de dereito anteriormente expostos, o erro material advertido no acordo da Xunta Goberno Local adoptado na sesión extraordinaria e urxente do 31 de agosto de 2023 (en expte 20370-77) nos **REQUISITOS MÍNIMOS** que constan no **Anexo relativo ao baremo de selección dos expertos-docentes** do Obradoiro de Emprego de Garantía Xuvenil FORMAWEB V, no punto relativo á **titulación e experiencia requirida**, de xeito que onde di:

“- TITULACIÓN REQUIRIDA E/OU EXPERIENCIA PROFESIONAL NA ESPECIALIDADE, no ámbito empresarial ou de obradoiros de emprego/escolas obradoiro, nos últimos 10 anos, mínimo oficial 1ª.

Requírense 2 anos de experiencia profesional con titulación requirida ou 4 anos de experiencia profesional sen titulación requirida.

Titulación requirida

- *Estudios Universitarios relacionados coas especialidades de Desenvolvemento de Aplicacións con Tecnoloxía web e de Seguridade Informática.*

- *Técnico Superior relacionado coas especialidades de Desenvolvemento de Aplicacións con Tecnoloxía web e de Seguridade Informática.”*

Deberá dicir:

“ - TITULACIÓN REQUIRIDA E/OU EXPERIENCIA PROFESIONAL NA ESPECIALIDADE, no ámbito empresarial ou de obradoiros de emprego/escolas obradoiro, nos últimos 10 anos, mínimo oficial 1ª.

Requírense 2 anos de experiencia profesional nos tres últimos anos con titulación requirida”.

Titulación requirida

- *Estudios Universitarios relacionados coas especialidades de Desenvolvemento de Aplicacións con Tecnoloxía web e de Seguridade Informática.*

SEGUNDO: Dar traslado da presente resolución á Área de RRHH e Formación e á Intervención Xeral Municipal para coñecemento e efectos oportunos.

Contra a presente resolución poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(754).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A RETIRADA E XESTIÓN DE RESIDUOS VEXETAIS. EXPTE. 50560/446.

Visto o informe xurídico de data 21/08/2023 e o informe de fiscalización do 31/08/2023, dáse conta do informe-proposta de data 11/08/2023, asinado pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- O concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, mediante resolución de data 16 de novembro de 2021, resolveu (expte. 49373/446):

*“Adxudicar a **TOCA SALGADO, S.L.** o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para o **SERVIZO DE RETIRADA E XESTIÓN DE RESIDUOS VEXETAIS**, o que supón un prezo total de **25.000,00€**, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.272,73€, con cargo á partida orzamentaria 1710.2100000 **MANTEMENTO PARQUES, XARDÍNS, ALAMEDAS E PARQUES FORESTAIS**, distribuídos nas seguintes anualidades:*

ANUALIDADES	IMPORTE
2021	5.000,00 €
2022	10.000,00 €
2023	10.000,00 €

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

II.- Segundo a Cláusula 4 das FEC do prego de cláusulas administrativas que rexe o contrato, o prazo do contrato será de “2 anos e 2 meses. Se o contrato se formalizase con posterioridade á data prevista para o inicio do contrato, este prazo reducirase, debendo rematar necesariamente o 30 de decembro de 2023”.

III.- A cláusula 4.C das FEC do Prego de cláusulas administrativas que rexe o contrato prevé unha prórroga de un ano de duración. Polo que, con data 8 de agosto de 2023, o concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, a proposta da adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, resolveu

iniciar a tramitación do expediente de prórroga do contrato para o servizo de retirada e xestión de residuos vexetais (expte. 50560/446).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público (LCSP 2017), dispón no seu apartado 2º que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da presente Lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso de produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexe o contrato se estableza un maior. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fose inferior a dous meses. En ningún caso poderá producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes.

O artigo 29 da citada norma, no seu apartado 4 sinala que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas que en aplicación do apartado segundo deste artigo acorde o órgano de contratación, respectando as condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias que sexan aplicables ao ente contratante.

Na cláusula 4 do contrato dispónse que o prazo do contrato será de *“2 anos e 2 meses. Se o contrato se formalizase con posterioridade á data prevista para o inicio do contrato, este prazo reducirase, debendo rematar necesariamente o 30 de decembro de 2023”*, contemplándose unha prórroga de un ano de duración.

Así mesmo, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP en adiante) do contrato dispón, na cláusula 7 establece que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das Follas Características do Contrato (FEC), sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo e que o contratista non se opoña á mesma.

Finalmente, o apartado 4.C das FEC prevé unha prórroga de un ano de duración.

Na actualidade, o servizo de retirada e xestión de residuos vexetais desenvólvese conforme ao disposto no prego de prescricións técnicas particulares que rexe o contrato (expte. 49373/446).

Asemade, as características do contrato permanecerán inalterables durante o período de duración da prórroga, manténdose a mellora ofertada no contrato, consistente en aplicar un prezo de 17,60€ por m³ de retirada e xestión de residuos vexetais.



Concello de Vigo

En data 11 de xullo de 2023, comunicouse á entidade TOCA SALGADO, S.L., mediante a notificación con número de rexistro de saída 49379-2023-1, a intención desta Administración de iniciar a tramitación da prórroga do contrato, outorgándolle un trámite de audiencia por un prazo de dez días para que formulase as alegacións que estimase procedentes.

A notificación foi recibida pola entidade en data 11 de xullo de 2023 e, transcorrido o prazo outorgado, non consta que a empresa manifestase oposición á formalización da prórroga.

Como xa se expuxo anteriormente, o prazo de execución do contrato remata o 30 de decembro de 2023, polo que, debido á necesidade de garantir a prestación do servizo faise necesario tramitar a prórroga do contrato de servizos para a retirada e xestión de residuos vexetais.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este mesmo tipo de actividade en anos anteriores e, polo tanto, encádrase na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, a cal no seu artigo 3 dispón que:

“En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.”

Ante o exposto, de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público (LCSP 2017), nas cláusulas 4ª e 7ª do Prego de Cláusulas Administrativas e no apartado 4.C das FEC do contrato, e atendendo ás necesidades contractuais que se expoñen no presente informe da adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL), como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Autorizar a prórroga de UN ANO, para o período comprendido entre o 31 de decembro de 2023 e o 30 de decembro de 2024, do CONTRATO ADXUDICADO POLO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DE TRAMITACIÓN ABREVIADA DO SERVIZO DE RETIRADA E XESTIÓN DE RESIDUOS VEXETAIS, dependente da concellería da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, do que é actualmente adxudicataria a entidade mercantil, TOCA SALGADO, S.L. (CIF B36625085) por resolución do concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, de data 16 de novembro de 2021 (expte. 49373/446).

O importe da prórroga será de 10.000,00 euros, se imputará á partida 1710.2100000 “Mantemento parques, xardíns, alamedas e parques forestais” do orzamento do ano 2024, manténdose no período de prórroga o prezo de 17,60€ por m³ de retirada e xestión de residuos vexetais.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos no art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que o adopta no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Porén, interposto o recurso de reposición, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Os asinantes subscriben declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e do 03/03/2021 para os empregados públicos, en execución do O.O.3 "Reforzar a Integridade nos procesos", Liña Estratéxica 3, "Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos", Obxectivo Estratéxico 3.4, "Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso", Acción 3.4.1.1, do Plan de Integridade na Contratación aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 12.12.2019.

Os asinantes subscriben declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e do 03/03/2021 para os empregados públicos, en execución do O.O.3 "Reforzar a Integridade nos procesos", Liña Estratéxica 3, "Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos", Obxectivo Estratéxico 3.4, "Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso", Acción 3.4.1.1, do Plan de Integridade na Contratación aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 12.12.2019.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(755).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA ADQUISICIÓN DE PRODUTOS DE LIMPEZA E DROGUERÍA. EXPTE. 50561/446.



Concello de Vigo

Visto o informe xurídico de data 21/08/2023 e o informe de fiscalización do 31/08/2023, dáse conta do informe-proposta de data 11/08/2023, asinado pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- O concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, mediante resolución de data 14 de outubro de 2021, resolveu (expte. 48644/446):

*“Adxudicar a **DARLIM, S.L.U.** o Lote I “Materiais de limpeza”, por un prezo de 3.000,00€ e o Lote II “Bolsas Plásticas”, por un prezo de 4.500,00€, do procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para o **SUBMINISTRO DE PRODUTOS DE LIMPEZA E DROGUERÍA**, o que supón un prezo total de 7.500,00€, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.301,65€, distribuídos nas seguintes anualidades*

Anualidades	Lote1	Lote 2	Importe
2021	1.000,00 €	1.500,00 €	2.500,00 €
2022	1.000,00 €	1.500,00 €	2.500,00 €
2023	1.000,00 €	1.500,00 €	2.500,00 €

e con cargo á partida orzamentaria 1710.2211000 o Lote I e á partida orzamentaria 1710.2210901 BOLSAS PLÁSTICAS, PAPELEIRAS E MATERIAL DE REGA o Lote II.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

II.- Segundo a cláusula 4ª das FEC do prego de cláusulas administrativas que rexe o contrato, o prazo do contrato será de “2 anos e 4 meses, debendo rematar en todo caso o 31 de decembro de 2023”.

III.- III.- A cláusula 4.C das FEC do Prego de cláusulas administrativas que rexe o contrato prevé unha prórroga de un ano de duración. Polo que, con data 8 de agosto de 2023, o concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, a proposta da adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, resolveu iniciar a tramitación do expediente de prórroga do contrato para o subministro de produtos de limpeza e droguería (expte. 50561/446).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público (LCSP 2017), dispón no seu apartado 2º que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da presente Lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso de produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexe o contrato se estableza un maior. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fose inferior a dous meses. En ningún caso poderá producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes.

O artigo 29 da citada norma, no seu apartado 4 sinala que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas que en aplicación do apartado segundo deste artigo acorde o órgano de contratación, respectando as condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias que sexan aplicables ao ente contratante.

Na cláusula 4 do contrato dispónse que o prazo do contrato será de “2 anos e 4 meses, *debendo rematar en todo caso o 31 de decembro de 2023*”, contemplándose unha prórroga dun ano de duración.

Así mesmo, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP en adiante) do contrato dispón, na cláusula 7 establece que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das Follas Características do Contrato (FEC), sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo e que o contratista non se opoña á mesma.

Finalmente, o apartado 4.C das FEC prevé unha prórroga de un ano de duración.

Na actualidade, o subministro de produtos de limpeza e droguería desenvólvese conforme ao disposto no prego de prescricións técnicas particulares que rexe o contrato (expte. 48644/446).

Asemade, as características do contrato permanecerán inalterables durante o período de duración da prórroga, manténdose a mellora ofertada no contrato, consistente en aplicar un desconto único do 29,50% a todos os prezos unitarios do Lote I “Materiais de Limpeza” e un desconto do 41% a todos os prezos unitarios do Lote II “Bolsas plásticas”, fixados no apartado 3G) do Anexo I – FEC – do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato.



Concello de Vigo

Como xa se expuxo anteriormente, o prazo de execución do contrato remata o 31 de decembro de 2023, polo que, debido á necesidade de garantir o subministro obxecto deste contrato faise necesario tramitar a prórroga do contrato de subministros de produtos de limpeza e droguería.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este mesmo tipo de actividade en anos anteriores e, polo tanto, encádrase na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, a cal no seu artigo 3 dispón que:

“En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.”

Ante o exposto, de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público (LCSP 2017), nas cláusulas 4ª e 7ª do Prego de Cláusulas Administrativas e no apartado 4.C das FEC do contrato, e atendendo ás necesidades contractuais que se expoñen no presente informe da adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL), como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Autorizar a prórroga de UN ANO, para o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2024, do CONTRATO ADXUDICADO POLO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DE TRAMITACIÓN ABREVIADA DO SUBMINISTRO DE PRODUTOS DE LIMPEZA E DROGUERÍA, dependente da concellería da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, do que é actualmente adxudicataria a entidade mercantil, DARLIM, S.L.U. (CIF B36612562) por resolución do concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, mediante resolución de data 14 de outubro de 2021, resolveu (expte. 48644/446).

O importe da prórroga será de 2.500,00 euros, dos que 1.000,00 corresponden ao Lote I “Materiais de Limpeza” e 1.500,00 euros ao Lote II “Bolsas plásticas”, con cargo ás seguintes partidas orzamentarias do ano 2024:

	IMPORTE	PARTIDA ORZAMENTARIA
LOTE I	1.000,00 €	1710.2211000
LOTE II	1.500,00 €	1710.2210901

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos no art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que o adopta no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Porén, interposto o recurso de reposición, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Os asinantes subscriben declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e do 03/03/2021 para os empregados públicos, en execución do O.O.3 "Reforzar a Integridade nos procesos", Liña Estratéxica 3, "Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos", Obxectivo Estratéxico 3.4, "Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso", Acción 3.4.1.1, do Plan de Integridade na Contratación aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 12.12.2019.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(756).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA "MONTE DA MINA" DE CASTRELOS PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO NO DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES E PARA A COORDINACIÓN DA XESTIÓN DUN VIVEIRO DE ASOCIACIÓN NAS SÚAS INSTALACIÓN. EXPTE. 11220/320.

Visto o informe de fiscalización do 25/08/2023, dáse conta do informe-proposta asinado pola xefa de Participación Cidadá con data 21/07/2023 e conformado polo concelleiro-delegado, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 25/05/2023, D. Juan Freiría Barros (DNI: 3596****), en calidade de presidente da A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos (CIF: G-36623593), achegou escrito doc.230147012, 230147019, 230147025, que xunto coas achegas posteriores de data 26/05/2023 doc. 230149902 e data 21/07/2023 doc. 230219695, solicitando a celebración dun convenio co Concello de Vigo, para contribuír aos



Concello de Vigo

gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas para o ano 2022-2023, a realizar entre o 01/10/2022 e o 30/09/2023, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións.

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, Don Juan Freiría Barros, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmentemente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
 - Certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 25/05/2023
 - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 06/06/2023.
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 06/06/2023.
 - Certificado do Concello de Vigo, de data 31/05/2023.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitud de convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención e o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (1 de Outubro 2022 a 30 de Setembro 2023)	
Imposto Bens Inmóbles	12.550,00 €
Parte proporcional de luz	2.350,00 €
Parte proporcional de auga	150,00 €
Parte proporcional de teléfono	350,00 €

Parte proporcional de seguro	1.600,00 €
TOTAL	17.000,00 €

ORZAMENTO DE INGRESOS (01/10/2022 - 30/09/2023)	
Axuda Concello Viveiro de Asociacións	17.000,00 €
TOTAL	17.000,00 €

8. Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

9. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 6/87, segundo resolución da Alcaldía de data 09/03/1987.

V. O vixente exercicio orzamentario (2023) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2022, inclúe expresamente a partida 9240 4890009 "Convenio A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos", cunha dotación orzamentaria de 17.000,00 €.

VI. En data 30/05/2023 o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 31/05/2023 do adxunto ao tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO



Concello de Vigo

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos para o fomento das actividades programadas a realizar pola entidade entre o 1 de outubro 2022 e o 30 de setembro de 2023, mediante a contribución nos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento daquelas, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos.

Segundo recolle o art. 3 dos seus Estatutos, asume entre os seus obxectivos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- *A consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da nosa parroquia un lugar digno onde vivir e convivir.*
- *A reivindicación constante dunha maior participación cidadá nas cuestións públicas.*
- *A mellora da calidade de vida e a existencia dunha mellor participación da veciñanza en tódalas decisións que lle atinxa.*
- *A desaparición dos desequilibrios entre barrios.*
- *A defensa permanente dos dereitos da terceira idade, dos nenos/as e de todas aquelas persoas especialmente marxinadas e asoballadas, na procura de que na nosa parroquia haxa lugares onde se poida xogar, educar, xuntar e convivir.*
- *A defensa dos dereitos das mulleres e dos homes, dentro e fora da asociación, e a denuncia dos malos tratos.*
- *A defensa do idioma galego, que será utilizado a nivel oficial pola asociación.*
- *A defensa da calidade da veciñanza en todos os seus eidos (alimentos, auga, aire libre, colexios, vivendas, sanidade pública, cultura, deporte, etc...)*

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigas e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Corresponde o concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais (*Resolucións da Alcaldía de delegación de competencias de data 20/06/2023*) a formalización e sinatura do convenio nos termos expostos no seu apartado Primeiro j).

Doutra parte, asinará o convenio D. Juan Freiría Barros, con DNI 3596*****, en calidade de Presidente da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos (CIF.- G-36623593), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 11220/320.

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non conteno financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.



Concello de Vigo

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2023), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2022 e o 30 de setembro de 2023, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O vixente exercicio orzamentario (2023) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2022, inclúe expresamente a partida 9240 4890009 "*Convenio A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos*", cunha dotación orzamentaria de 17.000,00 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á A.V.C.D. "*Monte da Mina*" de Castrelos son gastos destinados ao mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas para o ano 2022-2023, a realizar entre o 01/10/2022 e o 30/09/2023, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. ANTICIPO

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados

insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38^a.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2023), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/2022 e o 30/09/2023, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.



Concello de Vigo

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2023**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electrónicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VIII. PUBLICIDADE

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e as resolucións de delegacións de competencias do Alcalde de datas 19/06/2023 e 20/06/2023, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais D. Ángel Rivas González.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

X. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais D. Ángel Rivas González por Resolución da Alcaldía de data 20/06/2023 apartado Primeiro j), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 17.000,00 € (dezasete mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4890009 denominada "*Convenio A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos*", incluída no vixente orzamento municipal de 2023.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "*A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos*" (CIF.- G36623593), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas e a realizar pola entidade entre o 1 de outubro de 2022 e o 30 de setembro de 2023, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento e para a coordinación e xestión pola entidade do viveiro de asociacións nas súas instalacións, e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 17.000 € (dezasete mil euros).

TERCEIRO.- É competente para a sinatura do convenio o concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais D. Ángel Rivas González por Resolución da Alcaldía de data 20/06/2023 apartado Primeiro j).



Concello de Vigo

CUARTO.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA "MONTE DA MINA" DE CASTRELOS PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO DA ENTIDADE NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES ENTRE OS MESES DE OUTUBRO 2022 A SETEMBRO DE 2023, ASÍ COMO, PARA A COORDINACIÓN E XESTIÓN DUN VIVIEIRO DE ASOCIACIÓN NAS SÚAS INSTALACIÓNS

REUNIDOS

Dunha parte, D. Ángel Rivas González na súa calidade de concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Juan Freiría Barros, con DNI 3596*****, en calidade de Presidente da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos (CIF.- G-36623593) con domicilio social en Monte da Mina, 16 Castrelos-Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expediente núm. 11220/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, sanitarias, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis

do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.



Concello de Vigo

II.- Que o Concello de Vigo, a través da área de Participación Cidadá, recibe múltiples solicitudes de diversas asociacións municipais inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións para ser dotadas dun espazo físico onde desenvolver as súas xuntanzas, reunións e actividades.

Para levar adiante o compromiso de apoio ao tecido asociativo, o Concello de Vigo, ten necesidade de infraestruturas básicas que fagan posible a instalación de Viveiros de Asociacións, polo que se avalía moi positivamente a colaboración que presta a A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos ao ceder parte das instalacións do seu local social para o uso de outras asociacións.

Na vontade de afondar nas súas relacións o Concello de Vigo e a A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, mediante este convenio, establecen as canles de colaboración para coordinar e xestionar o Viveiro de Asociacións creado nas instalacións da A.V.C.D. "Monte da Mina", así como, as accións encamiñadas ao fomento das actividades da propia asociación que redundan en beneficio de toda a veciñanza.

III.- Que a entidade A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, de conformidade co art. 3 dos seus Estatutos, asume entre os seus obxectivos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- *A consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da nosa parroquia un lugar digno onde vivir e convivir.*
- *A reivindicación constante dunha maior participación cidadá nas cuestións públicas.*
- *A mellora da calidade de vida e a existencia dunha mellor participación da veciñanza en tódalas decisións que lle atinxan.*
- *A desaparición dos desequilibrios entre barrios.*
- *A defensa permanente dos dereitos da terceira idade, dos nenos/as e de todas aquelas persoas especialmente marxinadas e asoballadas, na procura de que na nosa parroquia haxa lugares onde se poida xogar, educar, xuntar e convivir.*
- *A defensa dos dereitos das mulleres e dos homes, dentro e fora da asociación, e a denuncia dos malos tratos.*
- *A defensa do idioma galego, que será utilizado a nivel oficial pola asociación.*
- *A defensa da calidade da veciñanza en todos os seus eidos (alimentos, auga, aire libre, colexios, vivendas, sanidade pública, cultura, deporte, etc...)*

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 09/03/87, a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 6/87.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos leve a cabo as actividades sociocomunitarias e socioculturais planificadas e a realizar entre o 1 de outubro de 2022 e o 30 de setembro de 2023, segundo memoria achegada, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións, creado no ano 2005 mediante convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a referida entidade, nas súas instalacións, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240.4890009, denominada “*Convenio Asociación Monte da Mina*”, nominativa a favor da entidade, cunha consignación orzamentaria de 17.000 €.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidades entre o 1 de outubro de 2022 a 30 de setembro de 2023, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións, cuxa contía total, na parte proporcional, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (1 de Outubro 2022 a 30 de Setembro 2023)	
Imposto Bens Inmóbles	12.550,00 €
Parte proporcional de luz	2.350,00 €
Parte proporcional de auga	150,00 €
Parte proporcional de teléfono	350,00 €
Parte proporcional de seguro	1.600,00 €
TOTAL	17.000,00 €

VIII.- Que a entidade *Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos* non incorre en ningunha circunstancia e prohibición recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

IX.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade *Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos*, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, nos ámbitos sociocomunitario e sociocultural, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade A.V.C.D. “Monte da Mina” de Castrelos comprométese a colaborar coa concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo para garantir a continuidade do Viveiro de Asociacións instalado nas dependencias do seu local social, e concretamente:

1. A por a disposición do Concello de Vigo os espazos que deseguido se relacionan:

Planta 1ª



Concello de Vigo

Local	Medidas	Superficie
Sala de lecturas	14,60 x 7,40	108,04 m ²
Sala de xuntas	5,45 x 5,80	31,61 m ²

Primeiro soto

Local	Medidas	Superficie
Núm. 1	9,60 x 5,60	53,76 m ²
Núm. 2	2,20 x 5,60	12,32 m ²
Núm. 3	6,00 x 8,10	48,60 m ²
Núm. 4	2,90 x 6,38	18,49 m ²
Núm. 5	6,00 x 6,65	39,90 m ²
Núm. 6	9,00 x 3,60	32,40 m ²
Núm. 7	6,10 x 5,40	32,94 m ²
Núm. 11	5,35 x 4,30	22,90 m ²

A utilización dos locais do primeiro soto, farase en réxime de exclusividade por aquelas asociacións beneficiarias da súa cesión en uso conforme aos criterios de selección establecidos polo Concello de Vigo, mentres que a utilización da Sala de Lectura e Xuntas da primeira planta estará en réxime compartido, previa solicitude das asociacións integradas no Viveiro de Asociacións.

2. Xestionar as autorizacións necesarias para a cesión en uso dos espazos comúns.
3. Xestionar o cobro da cota de participación nos gastos de mantemento das instalacións, xa que, os gastos ocasionados polo seu uso serán asumidos polas asociacións integradas no Viveiro de Asociacións. A porcentaxe de participación de cada unha delas será establecida pola Comisión de Seguimento.
4. Desenvolver as actividades programadas pola entidade para os meses de outubro 2022 a setembro de 2023, conforme ao proxecto achegado.
5. Participará de forma activa na Comisión de Seguimento prevista neste Convenio.
6. Asumir a programación, organización e xestión das diferentes actividades que desenvolven cun carácter estable ao longo do ano.
7. Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.
8. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades programadas.
9. Comunicarlle ao Concello a obtención doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda doutra entidade pública ou privada.
10. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade posible, respectando en todo momento a imaxe corporativa do Concello de Vigo.

11. Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

12. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio.

13. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese á súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poda acceder ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Establecer os mecanismos de selección das entidades beneficiarias da cesión en uso dos locais postos a disposición do Concello de Vigo por parte da A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos.

2. Conceder directamente á entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos unha subvención por importe de 17.000 € (dezasete mil euros), con cargo a partida orzamentaria nominativa nº 9240. 4890009, denominada "*Convenio Asociación Monte da Mina*", do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programados e a realizar entre o 1 de outubro 2022 e o 30 de setembro de 2023, así como, para a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións, en definitiva, para o fomento das súas actividades, do asociacionismo e da participación cidadá.

Considéranse gastos correntes de funcionamento e mantemento da entidade aqueles que permitan o seu normal desenvolvemento, tales como: gastos de administración, mantemento das instalacións, subministros (teléfono, auga, luz,...), tributos aboados efectivamente polo beneficiario da subvención, etc...

3. Respetar a estrutura organizativa da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a



Concello de Vigo

concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando alomenos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade á sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación entre o 01/10/2022 ao 30/09/2023.

Oitavo.- Para o seguimento do convenio, aplicación do mesmo e resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constitúese unha Comisión de seguimento integrada por:

1. Representantes do Concello de Vigo:
 - O concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos, que ostentará a Presidencia.
 - O/A xefe/a do servizo de Participación Cidadá.
2. Representantes do A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos:
 - Presidente da asociación.
 - Secretario da asociación que actuará como secretario da comisión.
3. Viveiro de Asociacións:
 - Un representante de cada unha das asociacións participantes.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2023** .

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administración Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego **do trámite en liña** para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require **identificación e sinatura electrónica**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>



Concello de Vigo

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A Conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas asinadas electrónicamente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación, no seu caso, do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificarse **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electrónicamente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. **Para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:**

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos

- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tickets de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvencións, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada electrónicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente



Concello de Vigo

(artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).

- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellaría de Participación Cidadá, de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES40 2080 5073 0930 4000 2195 (ABANCA).

Décimo primeiro.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos.

Décimo segundo- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/10/2022 e o 30/09/2023.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos de Participación Cidadá. A xefa do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).



Concello de Vigo

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despreparará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2023).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

12(757).- PROPOSTA PARA INICIAR PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO DE CONSTRINXIMENTO PARA O COBRAMENTO DE RECIBOS POR SUBMINISTRACIÓN DE AUGAS DO CONCELLO DE PORRIÑO – ANOS 2021-2022. EXPTE. 246193/700.

Dáse conta da proposta asinada polo adxunto ao tesoureiro de data 01/09/2023, que di o seguinte:

A Dirección de ingresos do Concello de Vigo, en data 22/08/2023 remíte a esta Tesourería a petición formulada pola empresa concesionaria do Servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga para o cobro mediante o procedemento de prema da “ débeda por subministración de auga desde o Concello de Vigo ao Concello de Porriño” correspondente aos períodos de facturación entre o 01/01/2021 ao 31/12/2021 e 01/01/2022 ao 31/12/2022 ao non satisfeitas en período voluntario e aprobadas por Decreto mensual do Ilmo. Sr.Alcalde e que dimana do acordo adoptado polo Pleno de Concello de data 27 de xaneiro de 1998.

As citadas liquidacións foron notificadas regulamentariamente conforme ós art. 109 a 112 da Lei 58/2003 do 17 de decembro XeralTributaria.

As citadas liquidacións, cuxo importe total ascende a 436.374,19 € (CATROCENTOS TRINTA E SEIS MIL TRESCENTOS SETENTA E CATRO EUROS E DEZANOVE CENTIMOS) segundo relación que achega foron aprobadas por decreto mensual do Ilmo. Sr. Alcalde en cada mes dos devanditos anos e que se relacionan o seguir:

Padrón	Ejercicios	Recibo	Nombre	Documento	Notif Pdo Vol	Periodo fact.	Principal
AGUA	2021	235930001	CONCELLO DE O PORRIÑO	P3603***F	XAN – FEB	09/04/21	30923,33
AGUA	2021	235930002	CONCELLO DE O PORRIÑO	P3603***F	MAR – ABR	12/05/21	37571,24
AGUA	2021	235930003	CONCELLO DE O PORRIÑO	P3603***F	MAI -XUÑ	26/09/21	37722,04
AGUA	2021	235930004	CONCELLO DE O PORRIÑO	P3603***F	XUL – AGO	03/10/21	39197,9

AGUA	2021	235930005	CONCELLO DE O PORRIÑO	P3603***F	SET – OUT	26/11/21	36584,2
AGUA	2021	235930006	CONCELLO DE O PORRIÑO	P3603***F	NOV – DEC	28/01/22	35894,99
AGUA	2022	235930007	CONCELLO DE O PORRIÑO	P3603***F	XAN – FEB	30/04/22	34887,62
AGUA	2022	235930008	CONCELLO DE O PORRIÑO	P3603***F	MAR – ABR	02/06/22	33581,46
AGUA	2022	235930009	CONCELLO DE O PORRIÑO	P3603***F	MAI -XUÑ	08/08/22	34594,36
AGUA	2022	235930010	CONCELLO DE O PORRIÑO	P3603***F	XUL – AGO	01/10/22	42685,56
AGUA	2022	235930011	CONCELLO DE O PORRIÑO	P3603***F	SET – OUT	16/11/22	38496,4
AGUA	2022	235930012	CONCELLO DE O PORRIÑO	P3603***F	NOV – DEC	20/01/23	34235,09
						TOTAL	436374,19

Con data 7 de xullo de 2023, o Director da entidade concesionaria do Servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga, Aqualia-FCC Vigo UTE emite, en cumprimento do establecido nas cláusulas 68 e 69 do prego de condicións económico-administrativas polas que se rexeu o concurso para o otorgamento da concesión, certificación na que se fai constar que unha vez rematado o periodo voluntario de cobranza das liquidacións a que se refire o presente expediente, resultaron impagadas as correspondentes cotas tributarias.

A cláusula 67 do prego de cláusulas económico-administrativas que rexeu o concurso para o otorgamento da concesión, prevé que *“Transcorridos tres meses a contar dende a finalización do período voluntario de cobro, o Concesionario presentará ó Concello relación de impagados que resulte incobrable, ós efectos de que pola Administración Municipal se tramiten e aproben os correspondentes expedientes de constrinximento”*.

Pola súa beira, o artigo 167 da Lei xeral tributaria, dispón que o procedemento de constrinximento, iniciárase mediante providencia notificada ó obrigado tributario, que será título suficiente para iniciar o citado procedemento e terá a mesma forza executiva que a sentenza xudicial para proceder contra os bens e dereitos dos obrigados tributarios.

E por isto que, en concordancia coa petición formulada pola entidade concesionaria ó Concello de Vigo, esta Tesourería, de conformidade co disposto no no artigo 9.3 da Ordenanza n.º 60 de prestacións patrimoniais de carácter publico non tributario polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, PROPÓN A ESA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, con carácter previo á apertura de expedientes de cobranza pola vía de constrinximento, A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Interesar da Tesourería Municipal do Concello de Vigo, tralas comprobacións e informes que estime oportuno recadar, se inicie e desenvolva o procedemento administrativo de constrinximento mediante providencia dictada polo Tesoureiro municipal e notificada o obrigado tributario, que permita a xestión de cobramento das cantidades adebedadas á entidade concesionaria, segundo consta nas certificacións de descuberto polo importe total de 436.374,19 € (CATROCENTOS TRINTA E SEIS MIL TRESCENTOS SETENTA E CATRO EUROS E DEZA-NOVE CENTIMOS) en cunmpremento do establecido nas cláusulas 67 e seguintes do prego de condicións económico-administrativas que rexeu o concurso para o outorgamento da concesión e con arranxo ó procedemento regulado na Lei xeral tributaria e o Regulamento xeral de recadación.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

13(758).- RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS NO EXPEDIENTE PARA A PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE CATRO ADMINISTRATIVOS DE ADMINISTRACIÓN XERAL PARA DISTINTOS SERVIZOS. EXPTE. 41761/220.

Dáse conta da proposta de data 04/09/2023, asinada pola técnica de Admón. Xeral e a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En datas 20/02/2023 e 01/03/2023, polo órgano municipal competente, procedeu a ordear que: “pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda á tramitación do expediente administrativo para a cobertura interina de dúas prazas de administrativo vacantes, existentes no servizo de estatística e área de réxime interior con cargo á OEP 2022 e dúas prazas de administrativo vacantes, existentes nos servizos de participación cidadá e EMAO con cargo á OEP 2020”.

II.- O 30/03/2023 se remite á Sra. Seguín o seguinte escrito: “A Área de RRHH e Formación, en datas 20/02/2023 e 01/03/2022 incoou expediente administrativo para a cobertura interina de 4 prazas vacantes na categoría de administrativo de administración xeral con cargo ás OEP 2022 e 2020 en distintos servizos.

Segundo os criterios aprobados de xestión de listas de reserva (BOPPO no 167 de 01/09/2022), en canto aos funcionarios de carreira que están nas listas de reserva, ao depender o nomeamento da concesión de excedencia, en aras a eficiencia da Área de RRHH e Formación, solo se ofrecerá o nomeamento previo informe favorable á posible excedencia emitido polo servizo de adscrición da funcionaria de carreira, sen que proceda a substitución da mesma.

Que en data 22/02/2023 (expte 41554/220), a xefa da Área de Réxime Interior, emitiu un informe, que dí:

“O servizo de Conserxería non pode prescindir na actualidade de persoal algún, xa que é imprescindible para executar as funcións encomendadas ao devandito servizo.”

Sendo necesario a incorporación de 4 administrativos de administración xeral con cargo ás prazas vacantes das OEP 2022 e 2020 e, a vista do informe desfavorable da xefa da Área de Réxime Interior, procede o chamamento do aspirante seguinte da lista. Por conseguinte, ao amparo do previsto no artigo 82.2 da Lei 39/2015, outórgaselle un prazo de 10 días para presentar a documentación ou alegacións que teña por conveniente, o cal se traslada para os efectos oportunos.”

III.- A Sra. Seguín presentou escrito de alegacións o día 04/04/2023 (doc nº 230082483).

IV.- Por acordo de XGL de data 20/04/2023 acordouse o nomeamento de tres persoas funcionarias quedando pendente o expediente da resolución de alegacións da funcionaria de carreira N. Seguín Fernández en relación á unha das prazas vacantes.

V.- Solicitado novo informe sobre a posible excedencia da funcionaria N. Seguín Fernández, con nº de persoal 83867 adscrita ao servizo de Conserxería, emítese informe desfavorable pola xefatura da área polo seguinte motivo: *A indicada funcionaria N. Seguín Fernández foi nomeada funcionaria de carreira e adscrita ao servizo de Conserxería, con motivo da última oferta de emprego público executada. O servizo de Conserxería non pode prescindir na actualidade de persoal algún, xa que é imprescindible para executar as*

funcións encomendadas ao devandito servizo. E sobre todo, cando por esa área de RRHH e Formación se advirte que non procedería a substitución da mesma.

*En consecuencia, emítese **INFORME DESFAVORABLE** a unha hipotética excedencia da funcionaria N. Seguíñ Fernández.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Con carácter previo resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-xurídico emítase ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica a *sensu contrario*.

II.- Presenta a Sra. Seguíñ Fernández escrito de alegacións no que ademáis de solicitar algunhas aclaracións solicita: *Que dende a Área de RRHH e Formación se me notifique a proposta de nomeamento para a praza vacante que me correspondería no seu caso, asegurándome o dereito a aceptar ou renunciar ao dito chamamento no prazo establecido. No suposto de renuncia expresa, que a mesma non produza na listaxe de reserva ningún tipo de penalización ao estar prestando servizos na administración pública.*

1º) En relación aos nomeamentos interinos indicar en primeiro lugar que é preciso distinguir a existencia dun dereito dunha mera expectativa, e neste caso, as persoas integrantes nunha lista de reserva, ostentan unicamente “unha expectativa de dereito” a unha contratación ou nomeamento futuro. Esta cuestión foi xa resolta por medio de dous sentenzas en sendos recursos de casación para unificación de doutrina, sinalando que a inclusión nunha bolsa ou lista de espera da lugar a favor da persoa inscrita unicamente a unha expectativa de dereito, en concreto a STS 12/12/1997 e 19/01/1999 nas que se afirma: “no cuestionan las bases de selección, ni la actuación del Tribunal calificador, ni se combate una fase o incidencia del proceso selectivo, limitándose, tan solo, a pedir que se respete el orden de prelación establecido ... discutiéndose, sobre “una expectativa de derecho a ser contratado laboralmente una persona *por considerar preferente a otra dado el orden fijando en unas listas de espera confeccionadas por la propia Administración recurrente*”, “*en este tipo de casos no se cuestionan jurisdiccionalmente verdaderos derechos adquiridos a los puestos de trabajo en cuestión, sino solamente meras “expectativas de derechos” a los mismos. Y siendo esto así, frente a lo en ellas sostenido, la incompetencia de la Jurisdicción es clara, puesto que dichas meras “expectativas” ni siquiera pueden fundar la existencia de un precontrato que de existir, si quedaría comprendido en el ámbito del Orden Social de la Jurisdicción; todo ello con independencia de que las “listas” controvertidas hayan sido elaboradas por la Administración Pública, bien en virtud de reglas o bases contenidas en normas reglamentarias, bien como consecuencia de acuerdos con las Organizaciones sindicales.*”

Non obstante, incoado o expediente, como integrante de lista de reserva de administrativo administración xeral, para seu coñecemento e á vista do informe do servizo de Réxime



Concello de Vigo

interior, deuse traslado á Sra.Seguín para formular alegacións, o que fixo dentro do prazo indicado.

2º) Dos criterios de xestión das listas de reserva..-

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión de 18/08/2022, acorda aprobar os criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das Ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo. (expte 36685-220) que foron publicados no BOPPO nº 167 de 01/09/2022. Os mesmos teñen como finalidade recoller unhas regras de funcionamento interno para público coñecemento, establecer un marco de seguridade xurídica nesta materia e dotar de transparencia e publicidade ao funcionamento das listas de reserva, para que todas as persoas integrantes das mesmas teñan coñecemento dos criterios en función dos cales van a ser chamados.

Neles se trata de conciliar os dereitos das persoas integrantes das listas e a satisfacción das necesidades dos servizos ou áreas do Concello de Vigo, con pleno respecto á legalidade. Así os criterios inclúen unha serie de apartados relativos a, quen forma parte das listas de reserva, os dereitos das persoas integrantes das mesmas, que non é outro que o de ser chamados nos supostos previstos legalmente, como se efectúan os chamamentos, cando se considera xustificada a renuncia, validez das mesmas, a previsión dunha comisión de seguimento técnico-sindical para solución de incidencias, e a previsión dunha declaración responsable na solicitude de persoal interino para que as xefaturas dos servizos teñan coñecemento do marco normativo actual e realice as solicitudes segundo o mesmo.

Os ditos criterios establecen o seguinte apartado: “En canto aos funcionarios de carreira que están nas listas de reserva, ao depender o nomeamento da concesión de excedencia, en aras a eficiencia da Área de RRHH e Formación, solo se ofrecerá o nomeamento previo informe favorable á posible excedencia emitido polo servizo de adscrición do funcionario de carreira, sen que proceda o substitución do funcionario de carreira.”

Indicar que, en relación con este concreto punto dos referidos criterios, (os cales foron sometidos a negociación, aprobados en Xunta de Goberno Local e publicados no BOPPO 01/09/2022), non consta alegación algunha.

Indicar tamén que impugandos os devanditos criterios a Sentenza nº 153/2023 do Xulgado contencioso nº 1 de Vigo de data 06/06/2023, desestima os recurso presentado, confirmando os mesmos por consideralos conformes a normativa vixente de redución de temporalidad.

Por outra banda, se entende que o criterio é conforme tanto coa regulación existente en materia de situacións administrativas, como coa normativa de función pública que regula o recurso ao persoal interino, elo polos motivos seguintes.

c) Situacións administrativas. Excedencia posible para o caso de que un funcionario de carreira pase a prestar servizos como funcionario interino.

O artigo 140 do Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes prevé: *“Las situaciones en que pueden hallarse los funcionarios de carrera de la Administración local serán las siguientes:*

a) *Servicio activo.*

- b) Servicio en Comunidades Autónomas.
- c) Excedencia forzosa o voluntaria.
- d) Servicios especiales.
- e) Suspensión.

2. Dichas situaciones se regularán por la normativa básica estatal, y por la legislación de función pública de la respectiva Comunidad Autónoma y, supletoriamente, por la legislación de los funcionarios de la Administración del Estado, teniéndose en cuenta las peculiaridades del régimen local.

O artigo 89 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, normativa básica na materia, dispón no apartado 2. “Los funcionarios de carrera podrán obtener la excedencia voluntaria por interés particular cuando hayan prestado servicios efectivos en cualquiera de las Administraciones Públicas durante un periodo mínimo de cinco años inmediatamente anteriores.

No obstante, las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo del presente Estatuto podrán establecer una duración menor del periodo de prestación de servicios exigido para que el funcionario de carrera pueda solicitar la excedencia y se determinarán los periodos mínimos de permanencia en la misma.

La concesión de excedencia voluntaria por interés particular quedará subordinada a las necesidades del servicio debidamente motivadas. No podrá declararse cuando al funcionario público se le instruya expediente disciplinario.

Procederá declarar de oficio la excedencia voluntaria por interés particular cuando finalizada la causa que determinó el pase a una situación distinta a la de servicio activo, se incumpla la obligación de solicitar el reingreso al servicio activo en el plazo en que se determine reglamentariamente.

Quienes se encuentren en situación de excedencia por interés particular no devengarán retribuciones, ni les será computable el tiempo que permanezcan en tal situación a efectos de ascensos, trienios y derechos en el régimen de Seguridad Social que les sea de aplicación.”

O artigo 173 da Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia,

Artículo 173. Excedencia por interés particular.

1. El personal funcionario de carrera puede obtener la excedencia por interés particular cuando haya prestado servicios efectivos en cualquiera de las administraciones públicas durante un período mínimo de tres años inmediatamente anteriores a la solicitud. Para reingresar en el servicio activo será preciso haber permanecido en esa situación al menos un año.

2. La concesión de la excedencia por interés particular queda subordinada a las necesidades del servicio debidamente motivadas. No puede declararse cuando al personal funcionario se le instruya expediente disciplinario.

3. Asimismo, el personal funcionario de carrera será declarado en la situación de excedencia por interés particular:

a) Cuando no tome posesión en el plazo establecido de un puesto de trabajo adjudicado por concurso o por libre designación, en los supuestos y términos que reglamentariamente se determinen.

b) Cuando se encuentre a disposición del órgano competente o adscrito provisionalmente a un puesto de trabajo e incumpla las obligaciones establecidas en el apartado quinto del artículo 97.

c) Cuando, finalizada la causa que determinó el pase a una situación administrativa distinta a la de servicio activo, incumpla la obligación de solicitar el reingreso al servicio activo en los plazos previstos por esta ley.

d) Cuando pase a prestar servicios en cualquier Administración pública, organismo, agencia o entidad del sector público como personal funcionario interino o como personal laboral con contrato temporal o declarado indefinido por sentencia judicial firme, o en



Concello de Vigo

entidades que queden excluidas de la consideración de sector público a efectos de lo previsto en la letra b) del apartado primero del artículo 174.

4. Las personas que se hallen en situación de excedencia por interés particular no devengarán retribuciones, ni será computable el tiempo que permanezcan en la misma a efectos de ascensos, trienios y derechos en el régimen de Seguridad Social que sea de aplicación.

O Real Decreto 365/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Situacións Administrativas dos Funcionarios Civiles da Administración Xeral do Estado, no artigo 16 dedicada á Excedencia voluntaria por interese particular.

“1. La situación de excedencia voluntaria por interés particular se declarará a petición del funcionario o, de oficio, en los supuestos establecidos reglamentariamente.
2. Para solicitar la declaración de la situación de excedencia voluntaria por interés particular será preciso haber prestado servicios efectivos en cualquiera de las Administraciones Públicas durante los cinco años inmediatamente anteriores a la solicitud.
3. Cada período de excedencia tendrá una duración no inferior a dos años continuados ni superior a un número de años equivalente a los que el funcionario acredite haber prestado en cualquiera de las Administraciones Públicas, con un máximo de quince.
4. En las resoluciones por las que se declare esta situación se expresará el plazo máximo de duración de la misma. La falta de petición de reingreso al servicio activo dentro de dicho plazo comportará la pérdida de la condición de funcionario. 5. La concesión de esta excedencia quedará, en todo caso, subordinada a las necesidades del servicio. No podrá declararse a solicitud del funcionario cuando al mismo se le instruya expediente disciplinario...”

A normativa básica de aplicación establece claramente que “La concesión de la excedencia por interés particular queda subordinada a las necesidades del servicio debidamente motivadas.” A lei de emprego público non excepcióna a subordinación da concesión da excedencia a ese informe favorable. O Real Decreto 365/1995, no mesmo senso establece claramente que “en todo caso” la excedencia por interese particular queda subordinada ás necesidades do servizo.

Polo tanto a concesión de excedencia por interese particular, segundo se establece na normativa de aplicación referida, está subordinada as necesidades do servizo.

En canto a excedencia por prestación de servizos no Sector público prevista no artigo 174.1 a) da Lei de Emprego Público de Galicia.

Esta excedencia non é de aplicación ao caso que nos ocupa, -funcionaria de carreira que pasa a prestar servizos como funcionaria interina-. Primeiro porque a Lei de emprego público de Galicia establece que claramente que neste caso procede declarar en situación de excedencia por interese particular, e en segundo lugar porque o Real Decreto 365/1995, prohíbeo expresamente, así no artigo 15 determina que: “Procederá declarar, de oficio o a instancia de parte, en la situación regulada en este artículo a los funcionarios de carrera que se encuentren en servicio activo en otro cuerpo o escala de cualquiera de las Administraciones públicas, salvo que hubieran obtenido la oportuna compatibilidad, y a los que pasen a prestar servicios como personal laboral fijo en organismos o entidades del sector público y no les corresponda quedar en las situaciones de servicio activo o servicios especiales. **El desempeño de puestos con carácter de funcionario interino o de personal laboral temporal no habilitará para pasar a esta situación administrativa.**”

Así as cousas, cabe concluír que é preciso a declaración de excedencia por interese particular para que un funcionario de carreira pase a prestar servizos como funcionario interino, e a declaración de dita excedencia está subordinada ao informe favorable do servizo segundo establece a normativa de aplicación.

Os criterios de xestión de listas de reserva, son polo tanto conformes coa normativa, recollendo expresamente que *“ao depender o nomeamento da concesión de excedencia, en aras a eficiencia da Área de RRHH e Formación, solo se ofrecerá o nomeamento previo informe favorable á posible excedencia emitido polo servizo de adscrición da funcionaria de carreira, sen que proceda a substitución da mesma.”*

3º) Imposibilidade de substitución do funcionario de carreira pola concesión de excedencia por interese particular.

En canto a imposibilidade de substitución do funcionario de carreira referida nos criterios, se entende tamén conforme a normativa de aplicación.

En primeiro lugar, cando a lei subordina a concesión dunha excedencia ás necesidades do servizo, se entende que se informa favorablemente si se pode prescindir do posto, xa que si fora posible a súa substitución inmediata pouco sentido tería un informe subordinado ás necesidades do servizo.

Por outra banda, aínda que se entendese o contrario, a substitución inmediata tampouco é viable. Na excedencia por interese particular non hai reserva do posto de traballo, polo tanto non é posible acudir ao nomeamento por substitución contemplado no artigo 10.1 c) do TREBEP. A praza quedaría vacante e podería incluírse na seguinte Oferta de Emprego Público computando na taxa de reposición que se aplica sobre a diferenza entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentario anterior, deixaron de prestar servizos e o número de empregados fixos que se incorporaran por calquera causa. A partir de ahí, no caso de concorrer as circunstancias indicadas no artigo 10.1 a) do TREBEP poderíase proceder a súa cobertura.

Neste punto parece oportuno a seguinte *reflexión*. Compre lembrar que nas Administracións Públicas, os postos de traballo, en principio e con carácter xeral, son ou deberían estar ocupados por funcionarios de carreira o no seu caso por persoal laboral fixo. Sen embargo o problema da temporalidade no emprego público arrástrase de hai moitos anos sendo que numerosas voces xa chamaron a atención sobre este asunto afirmando que precisamente un dos problemas máis destacados no panorama do emprego público español é precisamente a precariedade, entendendo isto como a existencia de traballadores, funcionarios e persoal de todo tipo, vinculado coa Administración Pública, a través de réximes xurídicos temporais ou interinos.

O recurso a persoal interino unicamente é posible por razóns inaprazables e expresamente xustificadas de necesidade e urxencia. O lexislador non ten definido os conceptos de excepcionalidade, urxencia, inaprazable, correspondendo a cada Administración determinalos, e o problema ven porque con demasiada frecuencia estes conceptos foron desvirtuados provocando un exceso de temporalidade. Elo levou á necesidade de adopción de medidas inmediatas para remediar esta elevada temporalidade existente no sector



Concello de Vigo

público e a articulación de disposicións eficaces para prever e sancionar o fraude na utilización da provisionalidade.

Así, esta excepcionalidade que xa estaba contemplada no TREBEP foi reforzada logo da entrada en vigor da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (LTEP), que precisamente pretende reforzar o carácter temporal da figura do persoal interino. Neste contexto e tratando de cumprir o disposto na Disposición Adicional 17ª no TREBEP, que establece que *“as Administracións Públicas promoverán, nos seus ámbitos respectivos, o desenvolvemento de criterios de actuación que permitan asegurar o cumprimento de esta disposición, así como unha actuación coordinada dos distintos órganos con competencia en materia de persoal”*, foron aprobados os criterios de xestión de listas de reserva.

Pois ben, neste escenario e aos efectos de valorar a urxencia e a necesidade de cobertura interina dunha praza, é diferente a situación si a mesma está vacante por xubilación ou falecemento que si é como consecuencia de informar favorablemente a posibilidade de concesión dunha excedencia voluntaria por interese particular.

Soster un argumento contrario sería precisamente favorecer a temporalidade no emprego público, sendo que o persoal funcionario de carreira que forma parte de listas de reserva en outras categorías poderían acceder a nomeamentos temporais deixando as prazas as que accederon como persoal funcionario de carreira vacantes.

Por último, indicar que todos os mecanismos previstos para a cobertura temporal de postos, están previstos para situacións excepcionais e urxentes.

III.- No presente caso, ademais do informe de data 22/02/2023 (expte 41554/220), no que a xefa da Área de Réxime Interior, emitiu un informe, que dí: “O servizo de Conserxería non pode prescindir na actualidade de persoal algún, xa que é imprescindible para executar as funcións encomendadas ao devandito servizo, consta informe desfavorable a unha hipotética excedencia da funcionaria N. Seguíñ Fernández de data 09/08/2023

En atención ao exposto, se dan por contestadas todas as cuestións formuladas pola alegante concluíndo que non é posible ofrecer o nomeamento interino obxecto de este expediente á funcionaria de carreira Sra. Seguíñ ao non proceder a declaración de excedencia estipulada no artigo 173.3 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, nin a excedencia por prestación de servizos no Sector Público.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Concelleira-Delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023 e 20/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- De conformidade co Informe-Proposta que antecede e pola motivación legal exposta se desestima a solicitude presentada pola Sra. Seguíñ Fernández (doc nº 220286342):

- Non procede o ofrecemento do chamamento como administrativa de administración xeral.
- Non procede a declaración de excedencia estipulada no artigo 173.3 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, nin a excedencia por prestación de servizos no Sector Público.

Segundo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(759).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUNHA MÁQUINA ENFRIADORA EXTERIOR PARA O VERBUM. EXPTE. 4978/330.

Visto o informe xurídico do 23/08/2023 e o informe de fiscalización do 29/08/2023, dáse conta do informe-proposta asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural con data 11/08/2023 e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira de Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 12 de maio de 2023.
- Memoria económica de data 8 de xuño de 2023, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, co conforme do concelleiro-delegado de Cultura.
- Certificado de retención de crédito de data 9 de xuño de 2023 (operación nº 202300129004).
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de data 2 de agosto de 2023, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura e da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística.
- Declaración de neutralidade do redactor prego de prescricións técnicas de data 2 de agosto de 2023, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.
- Memoria xustificativa de data 2 de agosto de 2023, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura e da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística.
- Informe de data 11 de agosto de 2023, da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 11 de agosto de 2023, redactado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

Segundo: O expediente de contratación se iniciará polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros de Área segundo os decretos de delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e 17 de agosto de 2020 e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020 polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados da Área.

Terceiro: En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP o concelleiro-delegado da Área de Cultura asinou con data 12 de maio de 2023 o informe da necesidade e idoneidade, coa resolución que inicia o expediente, da contratación, por procedemento aberto simplificado, do subministro e instalación dunha máquina enfriadora exterior para o Verbum

Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2023, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 30 de decembro de 2022 e publicado no perfil de contratante.

Cuarto: De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP consta a memoria xustificativa asinada polo Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, conformada polo concelleiro-delegado da Área de Cultura e a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística, e o prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP), así como o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

Quinto: Na memoria económica xustifícase entre outras cuestións:

- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

Sexto: Na memoria xustificativa xustifícase, entre outras cuestións:

- Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
- A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.
- Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
- Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Xustificación das tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación (artigo 215 LCSP).
- Lugar de entrega dos bens obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Xustificación das condicións especiais de execución (artigos 116.4.c) e 202 LCSP).

Sétimo: No relativo á clasificación do contrato, trátase dun contrato de subministros segundo o establecido no artigo 16 Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público. O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP. A forma de tramitación será a ordinaria.

A adxudicación realizarase por sistema de procedemento aberto simplificado.

Oitavo De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

Noveno: O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento foi emitido pola Intervención Xeral con data 9 de xuño de 2023.

Décimo: Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

Décimo primeiro: A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e mailo concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto simplificado, do subministro e instalación dunha máquina enfriadora exterior para o Verbum

2º.- Aprobar o Prego de prescripcóns técnicas que rexerá a citada contratación, de data 2 de agosto de 2023, redactado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 11 de agosto de 2023, redactado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de **49.848,03 € (corenta e nove mil oitocentos corenta e oito euros con tres céntimos)**, sendo o iva a soportar pola administración 8.651,31 €, con cargo á aplicación 3331.623.00.01 "Enfriadora Verbum"

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(760).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUNHA BOMBA DE CALOR EXTERIOR PARA A CASA GALEGA DA CULTURA. EXPTE. 16255/331.

Visto o informe xurídico do 28/08/2023 e o informe de fiscalización do 29/08/2023, dáse conta do informe-proposta asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural con data 06/09/2023 e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira de Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Procédese a modificar o informe-proposta de data 24 de agosto pasado, no relativo á data do PPT, pasando do 4 ao 2 de agosto, quedando como segue:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

ANTECEDENTES

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 30 de maio de 2023.
- Memoria económica de data 8 de xuño de 2023, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, co conforme do concelleiro-delegado de Cultura.
- Certificado de retención de crédito de data 9 de xuño de 2023 (operación nº 202300129014).
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de data 2 de agosto de 2023, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura e da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística.
- Declaración de neutralidade do redactor prego de prescricións técnicas de data 2 de agosto de 2023, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.
- Memoria xustificativa de data 23 de agosto de 2023, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultu-



Concello de Vigo

ra e da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística.

- Informe de data 24 de agosto de 2023, da técnico de Administración Xeral e da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 24 de agosto de 2023, redactado pola técnico de Administración Xeral e a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

Segundo: O expediente de contratación se iniciará polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros de Area segundo os decretos de delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e 17 de agosto de 2020 e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020 polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados da Área.

Terceiro: En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP o concelleiro-delegado da Área de Cultura asinou con data 30 de maio de 2023 o informe da necesidade e idoneidade, coa resolución que inicia o expediente, da contratación, por procedemento aberto simplificado, do subministro e instalación dunha bomba de calor exterior para a Casa Galega da Cultura.

Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2023, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 30 de decembro de 2022 e publicado no perfil de contratante.

Cuarto: De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP consta a memoria xustificativa asinada polo Xefe do Servizo de Xestión e Pomoción Cultural, conformada polo concelleiro-delegado da Área de Cultura e a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística, e o prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP), así como o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola técnico de Administración Xeral e da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

Quinto: Na memoria económica xustifícase entre outras cuestións:

- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

Sexto: Na memoria xustificativa xustifícase, entre outras cuestións:

- Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
- A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.

- Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
- Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Xustificación das tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación (artigo 215 LCSP).
- Lugar de entrega dos bens obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Xustificación das condicións especiais de execución (artigos 116.4.c) e 202 LCSP).

Sétimo: No relativo á clasificación do contrato, trátase dun contrato de subministros segundo o establecido no artigo 16 Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público. O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP. A forma de tramitación será a ordinaria.

A adxudicación realizarase por sistema de procedemento aberto simplificado.

Oitavo De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Noveno: O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento foi emitido pola Intervención Xeral con data 9 de xuño de 2023.

Décimo: Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola Concellleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

Décimo primeiro: A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.



Concello de Vigo

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e mailo concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto simplificado, do subministro e instalación dunha bomba de calor exterior para a Casa Galega da Cultura.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas que rexerá a citada contratación, de data 2 de agosto de 2023, redactado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 24 de agosto de 2023, redactado pola técnico de Administración Xeral e a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos

4º.- Autorizar o gasto por importe total de **58.940,66 € (cincoenta e oito mil novecentos corenta euros con sesenta e seis céntimos)**, sendo o iva a soportar pola administración 10.229,37 €, con cargo á aplicación 3331.623.00.15 "Climatización Casa da Cultura".

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(761).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE LIMPEZA DA CASA CONSISTORIAL E OUTRAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8450/252.

Visto o informe xurídico do 21/08/2023 e o informe de fiscalización do 30/08/2023, dáse conta do informe-proposta asinado polo xefe do Servizo de Limpeza con data 10/08/2023 e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

O Contrato dos servizos de limpeza da casa consistorial e outras instalacións e dependencias do Concello de Vigo (expte. 81/441), adxudicouse por Acordo da Xunta de Goberno Local de 6 de setembro de 2019 á empresa URBASER S.A, por un prezo total de 8.403.831,10 euros IVE engadido e un prazo de catro anos coa posibilidade de un máis de prórroga.

O contrato formalizouse en data 10/10/2019, iniciándose a prestación o 01/11/2019 e rematará o 31/10/2023.

Consta no expediente resolución do 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro-delegada da Área de goberno de Fomento e servizos, de data 17 de xullo do 2023, dispoñendo se proceda a instruír a prórroga do contrato por ser necesario continuar coa prestación dun servizo esencial para este Concello como é a limpeza diaria dos espazos de traballo do persoal ao servizo desta administración e outros espazos adicados á atención ao público, en tanto non se conclúa a nova contratación destes servizos xa iniciada.

II.- Fundamentos técnicos e xurídicos

1. O artigo 29 da LCSP dispón, no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, e que a prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos dous meses antes do prazo de duración do contrato, salvo que no prego do contrato se estableza un maior.

No apartado 4 do mesmo artigo, establécese que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de 5 anos, incluíndo as prórrogas, salvo que se trate dalgunha das excepcións recollidas nese apartado.

2. Neste contrato dispónse que:

- No punto 3º da cláusula 7 “Prazo”, do PCAP, consta que *“Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses”*.
- No apartado 4.C das FEC indícase: *“Prórroga do contrato e en caso afirmativo, duración: si, unha prórroga de un ano de duración”*.
- No apartado 11 das FEC, sobre o réxime de pagamento, indícase que *“o importe do prezo satisfaceráselle ó contratista fraccionadamente por meses vencidos, mediante presentación por este, da correspondente factura a cal estará determinada en función dos seguintes criterios:*

a.- Importe fixo do contrato: Este se corresponderá co valor do prezo anual do contrato adxudicado dividido en 12 mensualidades.

b.- Importe variable derivado da aplicación da realización de horas derivadas de actividades de programación extraordinaria: será o resultado de multiplicar o número de horas realizadas polo importe euros/hora, da oferta realizada polo adxudicatario para cada un dos anos.

A efectos de exercer o debido control e fiscalización especialmente respecto o desenvolvemento do CONTROL DE CALIDADE será dea aplicación con carácter trimestral e dende o segundo trimestre o indicado no apartado 6 do PPTP. O resultado do control de calidade determinará o valor QT que será de aplicación ao resultante final a facturar cada mes de acordo co seguintes condicionantes:

b.1.- A partir do segundo trimestre se aplicará o resultado do valor “QT”, e o mesmo terá sempre unha vixencia de tres meses. Cando o valor de QT sexa



Concello de Vigo

menor de 1, será de aplicación ao importe das facturas correspondentes. b.2.- Cando o valor "QT", sexa maior de 1, será de aplicación ao importe das facturas correspondentes, sempre coa referencia máxima de facturación correspondente ao importe máximo da anualidade en curso, e so serán de aplicación en relación os créditos mensuais anteriores non facturados.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público."

3. Inicio do expediente de prórroga.

O expediente de prórroga do contrato iniciarase polo órgano de contratación. No Concello de Vigo está delegada esta no Concelleiro delegado de área polo acordo da Xunta de Goberno Local 22/06/23 polo que se aproba o texto de delegación de competencias nos concelleiros delegados de Área. A tal fin, consta no expediente resolución do 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro-delegada da Área de goberno de Fomento e servizos, de data 17 de xullo do 2023, dispoñendo se proceda a instruír a prórroga do contrato por ser necesario continuar coa prestación dun servizo esencial para este Concello.

4. Prezo da prórroga:

No punto 1º do apartado b) da memoria xustificativa do contrato asinada en data 11/03/20109, sobre o prazo de execución e prórroga indica que: *"No caso de execución de prorroga o prezo do contrato para este período terá como referencia o importe do contrato para o ano 4, o cal se deberán minorar os importes vinculados a amortización dos medios de ser o caso."*

Conforme á oferta do adxudicatario, o importe do contrato SEN IVE para o ano 4 é de 1.718.868,12€ na parte fixa e 44.538,77€ para a parte variable, ambas co iva non incluído. Neste prezo inclúense 12.989,81€ como custes de amortización máis financiamento dos medios mecánicos que a empresa utiliza para a prestación do servizo e cuxo período de amortización establecece en 4 anos, e 6.293,29€ de custes para A+F de medios cuxo período de amortización é superior a catro anos. Estes segundos 6.293,29€ non se poden descontar do prezo do contrato para o primeiro ano de prórroga dado que non están amortizados.

Sobre o importe correspondente aos elementos cuxo prazo de amortización é de catro anos (12.989,81€), procede indicar que o concepto máis importante corresponde coa reposición de papeleiras (4.029,57€). Este custe non se pode minorar no período de prórroga dado que durante o ano prorrogado será necesario renovar máis unidades de papeleiras que deberán ser sufragadas pola empresa. Tampouco se pode minorar o importe correspondente ao "mopsec" (1.962,45€), dado que este pequeno material composto por mopas, cepillos, fregonas, recolledores, balletas, etc., tamén deben ser adquiridos durante o ano da prórroga. Polo que respecta á pequena maquinaria como os aspiradores eléctricos de po sen bolsa, aspiradores po/auga, abrillantadoras de baixa velocidade e a lanza con pistola para desinfección electrostática, cuxo importe conxunto é de 4.233,96€, tampouco se poden minorar no ano de prórroga dado que ao alongar a súa vida en servizo, incrementáanse notablemente os custes de mantemento e reposición. O resto dos importes (2.763,83€) corresponden a outro pequeno material como cubos-tanques simples e dobres, carros de limpeza, escadas de man, sinais, etc. que en xeral teñen

unha vida útil del 4 anos, polo que tampouco poden ser descontados no ano de prórroga dado que a empresa deberá afrontar o custe da súa substitución, alugamento ou maiores custes de mantemento por alongar a súa vida útil.

Por tal motivo, o prezo do ano de prórroga debe coincidir co da última anualidade do contrato dado que non procede minoración de importes vinculados á amortización de medios.

Sumando os conceptos de parte fixa e parte variable do contrato para o último ano, co IVE (21%) xa engadido, o prezo total da prórroga ascende a:

$$2.079.830,43+53.891,91 = 2.133.722,34\text{€}$$

dos cales 370.315,46€ corresponden ao IVE (21%).

5. Financiamento:

A prórroga financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicios:

Exercicio	Concepto	Aplicación orzamentaria	Importe
2023 (2 meses)	Limpeza instalacións, P. Servizos municipais	9200..2270000	355.620,39€
2024 (10 meses)	Limpeza instalacións, P. Servizos municipais	9200..2270000	1.778.101,95€

6. A empresa URBASER, S.A., no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta, polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio.

Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar coa prestación dun servizo esencial para este concello, como é o da limpeza diaria da casa consistorial e outras dependencias de traballo e atención ao cidadán, namentres non se conclúa o expediente da nova contratación destes servizos (exp 8173-252) que neste momento está en curso.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, posto que é continuación dun servizo que se ven desenvolvendo con anterioridade e polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."

7. Consta no expediente notificación número 50461/2023 con data de publicación en web 20/07/2023 14:23, recibida pola empresa con data 21/07/2023, que contén o preaviso de execución da prórroga que se comunica cunha antelación superior á mínima esixida, conlevando que dita prórroga sexa obrigatoria para o contratista.



Concello de Vigo

8. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
9. A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade co previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

III.- Proposta

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades do 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro-delegada da Área de goberno de Fomento e servizos mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA**:

1. Acordar a PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE LIMPEZA DA CASA CONSISTORIAL E OUTRAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO (EXPTTE 81-441) polo período de un ano, do 01 de novembro de 2023 ao 31 de outubro de 2024, polo importe total de 2.133.722,34 € IVE engadido, co seguinte detalle de anualidades:

<i>Exercicio</i>	<i>IVE</i>	<i>Base</i>	<i>Importe total</i>
2023 (2 meses)	61.719,25	293.901,14	355.620,39 €
2024 (10 meses)	308.596,21	1.469.505,74	1.778.101,95€
Total ambos exercicios	370.315,46	1.763.406,88	2.133.722,34 €

2. Autorizar o gasto de 355.620,39 euros (IVE incluído) que representa a prórroga no exercicio económico do ano 2023, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

<i>Partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>IVE</i>	<i>Base</i>	<i>Importe total</i>
9200..2270000 Limpeza instalacions, P. Servizos municipais	2023 (2 meses)	61.719,25	293.901,14	355.620,39 €

3. Asumir o compromiso de dotar no orzamento do exercicio 2024 o importe de 1.778.101,95 euros que representa a prórroga nese ano, con cargo á partida 9200..2270000 "Limpeza instalacions, P. Servizos municipais"

<i>Partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>IVE</i>	<i>Base</i>	<i>Importe total</i>
----------------	------------------	------------	-------------	----------------------

9200..2270000	Limpeza instalacions, P. Servizos municipais	2024 (10 meses)	308.596,21	1.469.505,74	1.778.101,95€
---------------	--	--------------------	------------	--------------	---------------

4. Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra el caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(762).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE FORMIGÓNS E MORTEIROS. EXPTE. 91361/250.

Visto o informe xurídico de data 28/08/2023 e o informe de fiscalización do 29/08/2023, dáse conta do informe-proposta asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Investimentos con data 24/08/2023, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- Na sesión do 18 de novembro de 2021 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, autorizar o gasto, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación do subministro de de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos. Expte. 87871/250.

2.- A XGL, na sesión ordinaria do 22 de febreiro de 2022, acordou adxudicar a TRANSPORTES PABLO VAL, S.L., os lotes 1 e 2 , a GARCÍ VENTA, S.L., os lotes 3 e 4 , e a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) o lote 5 do procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construcións, materiais de ferretería e formigóns bituminosos (expediente 87.871-250).

O importe máximo do lote 1 "Subministro de formigóns e morteiros" é de 400.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 69.421,49 euros. O licitador propón:

- Unha baixa proporcional única do 13,52% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no Anexo I do PPT para o lote 1.
- Unha baixa proporcional única do 18,52% a aplicar aos elementos non incluídos no Anexo I do PPT para o lote 1, pero pertencentes ás mesmas familias de produtos que se inclúen no lote.



Concello de Vigo

3.- O contrato formalizouse o 25 de marzo de 2022 para o lote 1 e comezou a súa execución ao día seguinte. O prazo do contrato, segundo a cláusula 4.A da FEC do PCAP é de 2 anos, tendo previstas dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

4.- En data 25 de xaneiro de 2023, D. ANTONIO VAL VARELA, en representación de TRANSPORTES PABLO VAL, S.L., presenta escrito no Rexistro Xeral deste Concello no que solicita a resolución de mutuo acordo do contrato ou a súa suspensión, ou subsidiariamente, unha revisión de prezos.

5.- Con data 6 de febreiro de 2023 o responsable do contrato, o enxeñeiro de camiños, canais e portos da área de Fomento, solicita do servizo de Contratación a formulación de proposta de resolución de mutuo acordo deste contrato por mor do encarecemento das materias primas.

6.- A XGL en data 16 de marzo de 2023 acordou resolver o lote 1 do contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos (Expediente 87871-250) adxudicado pola Xunta de Goberno local a TRANSPORTES PABLO VAL, S.L., na sesión do 22 de febreiro de 2022, por mutuo acordo entre as partes, causa prevista no artigo 211.1 c da LCSP.

7.- Dada a necesidade de continuidade da realización destes traballos por parte do Servizo de Vías e Obras é necesario o subministro de formigóns e morteiros que son elementos fundamentais para os devanditos traballos que desenvolve.

8.- No expediente inclúese a seguinte documentación:

a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, polo Xefe da unidade de mantemento de vias municipais, e polo Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas en datas en datas 17, 18 e 19.04.2023.

b) Decreto do Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, data 19.04.2023 acordando o inicio do expediente de contratación.

c) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Técnico de Administración Xeral e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 24.05.2023.

d) Certificados de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 30.05.2023.

e) Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos e polo Xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais en data 26.07.2023.

f) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 26 e 27.07.2023.

g) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral de data 01.08.2023.

h).-Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral de data 01.08.2023.

i) Informe complementario á memoria xustificativa, asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e polo xefe da Área de Inversións.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o mesmo.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato segundo o artigo 28 e 116.4 LCSP; a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custos laborais (artigo 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145 LCSP); a súa non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP); así como as fórmulas de valoración (artigo 146.1 LCSP); o seu carácter de contrato de suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 22 LCSP, a elección do procedemento aberto segundo o establecido no artigo 156 LCSP e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de que non existe desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Quinto.- É preceptiva a previa aprobación do expediente o informe da titular da asesoría xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP e Disposición Adicional 8ª.e) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local; así como a incorporación do certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación de conformidade coa Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP, correspóndelle á Xunta de Goberno Local nos Municipios de Gran Poboación na súa calidade de órgano de contratación.

Polo exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, documento contable e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE FORMIGÓN E MORTEIROS**, cun



Concello de Vigo

orçamento base de licitación de CATROCENTOS MIL EUROS EUROS (400.000,00 €), IVE engadido, segundo a seguinte distribución de anualidades:

	2023	2024	2025	TOTAL
Subministro de formigóns e morteiros	83.333,33 €	200.000,00 €	116.666,67 €	400.000,00 €

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares asinado polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos e polo Xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais en data 26.07.2023.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, asinado polo Técnico de Administración Xeral de data 01.08.2023. A co ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

Cuarto.- Autorizar o gasto con cargo a partida orzamentaria 1532.210.00.00 ("Conservación de viais e espazos públicos") do vixente orzamento 2023 por importe de 83.333,33 €, e asumir o compromiso de dotar nos orzamentos iniciais dos exercicios 2024 e 2025, na partida orzamentaria 1532.210.00.00, crédito por importe de 200.000 € e 116.666,67 € respectivamente.

Quinto.- Abrir o procedemento de adxudicación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(763).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ASCENSORES DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1727/441.

Visto o informe xurídico do 25/08/2023 e o informe de fiscalización do 28/08/2023, dáse conta do informe-proposta asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Investimentos con data 08/08/2023, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Primeiro.- Por Resolución do Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 09.07.2019 (competencia delegada pola Xunta de Goberno Local en virtude do acordo de data 20/06/2019), adxudicouse a KONE ELEVADORES, S.A. (CIF A28791069) o contrato do SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ASCENSORES DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO (Expte. 31-441).

Dito contrato foi formalizado en documento administrativo en data 05.09.2019, cun prazo de duración de dous anos, sendo a data de inicio do mesmo o 1 de outubro de 2019, e contemplando a posibilidade de dúas prorrogas dun ano de duración cada unha.

Segundo.- Por Resolución do Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 21.09.2019 (competencia delegada pola Xunta de Goberno Local en virtude do acordo de data 20/06/2019), apróbase a prórroga dun ano de duración do contrato do servizo de mantemento integral dos ascensores da casa consistorial do Concello de Vigo (31-441), formalizado coa entidade mercantil KONE ELEVADORES, S.A. polo período comprendido dende o 01.10.2021 ata o 30.09.2022.

Terceiro.- En data 06.09.2022 o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos resolve aprobar a 2ª prórroga dun ano de duración do vixente contrato do polo período comprendido desde o 01.10.2022 ata o 30.09.2023, esgotando as posibilidades de prórroga e finalizando así o contrato nesta data.

Cuarto.- Defínense con precisión no informe de necesidade as necesidades que pretenden cubrirse a medio do contrato para o cumprimento e realización dos fins institucionais. Constitúe o obxecto do contrato o servizo de mantemento integral dos ascensores da Casa Consistorial do Concello de Vigo.

Sexto.- En base ao referido Informe que xustifica adecuadamente a necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, no uso das competencias atribuídas pola vixente lexislación, acordou o inicio da contratación a medio de Decreto de data 03.07.2023.

Sétimo.- No expediente inclúese a seguinte documentación:

- a) Informe de necesidade e idoneidade da contratación asinado en data 03.07.2023 pola Enxeñeira Técnica Industrial e polo Xefe da Área de Investimentos.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 03.07.2023.
- c) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 06.07.2023.
- d) c) Prego de Prescricións Técnicas asinado pola Enxeñeira Técnica Industrial en data 03.08.2023.
- e) Memoria económica asinada pola Enxeñeira Técnica Industrial e polo Xefe da Área de Investimentos e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 03.08.2023.
- f). Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 03.08.2023.
- e) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 07.08.2023.
- f) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 07.08.2023.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.



Concello de Vigo

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de datas 20.06.2019 e 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o contrato.

Terceiro.- De conformidade co artigo 116 LCSP, o contrato foi iniciado polo órgano de contratación motivando a necesidade segundo o establecido no artigo 28 do texto legal.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), o seu carácter de contrato non suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 22 LCSP, os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); a elección do procedemento aberto simplificado abreviado segundo o establecido no artigo 159.6 LCSP e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).

Quinto.- Consta na memoria xustificativa da contratación elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos no artigo 7.3 da L.O. 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do Concello.

Sexto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Sétimo.- A aprobación do expediente de contratación de conformidade coa Disposición Adicional Segunda apartado 4 da LCSP, correspóndelle á Xunta de Goberno Local nos Municipios de Gran Poboación na súa calidade de órgano de contratación.

Polo exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, documento contable e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación, a través do procedemento aberto simplificado abreviado e tramitación ordinaria, da **Contratación do servizo de mantemento integral dos ascensores da Casa Consistorial do Concello de Vigo.**

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares asinado pola Enxeñeira Técnica Industrial en data 03.08.2023.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 07.08.2023.

Cuarto- Autorizar o gasto o cal ascende a un máximo de VINTE TRES MIL CENTO CINCUENTA E NOVE EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (23.159,40 €), IVE engadido, sendo o importe correspondente ao IVE de 4.019,40 €.

Por ter o financiamento carácter de gasto plurianual, cargarase á aplicación orzamentaria 92002279900, tendo a seguinte distribución por anualidades:

Anualidades	Importe
2023	3.085,50 €
2024	11.470,80 €
2025	8.603,10 €
TOTAL	23.159,40 €

Quinto.- Abrir o procedemento de adxudicación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(764).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DE ELEMENTOS PROMOCIONAIS QUE TERÁ COMO FIN A PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA FEIRA INTERNACIONAL DE TURISMO FITUR 2024. EXPTE. 8494/104.

Visto o informe xurídico do 04/09/2023 e o informe de fiscalización do 05/09/2023, dáse conta do informe-proposta asinado pola técnica de actividades turísticas don data 29/08/2023, e conformado pola condelleira-delegada de Turismo, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).



Concello de Vigo

- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

Antecedentes:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, foi asinada o 03/07/2023.
- Memoria económica de data 04/07/2023, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP, en base ós prezos facturados na pasada edición da feira Fitur para o mesmo tipo de servizos nos anos precedentes para levar a cabo o obxecto de presente contrato e facendo un cálculo do custo medio.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 04/07/2023 (operacións nº 139580 e 139581).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 04/07/2023
- Memoria xustificativa de data 10/08/2023 relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da elección do criterio de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación da fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
 - Lugar de entrega dos bens obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).

- Informe do servizo de contratación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública asinado en data 10/08/2023
- Prego de Cláusulas administrativas particulares asinado polo servizo de contratación de data 10/08/2023

Fundamentos de dereito

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iníciase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No Concello de Vigo esta competencia esta delegada por Resolucións da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de área de goberno e nos concelleiros delegados de data 22 de xuño de 2023 e BOP n.º 123 de data 27 de xuño de 2023.

A Concelleira delegada de Turismo mediante resolución de 03/07/2023 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de servizo (art. 17 LCSP).O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto con varios criterios de adxudicación en aplicación dos artigos 131.2, 145, e 156.1 de la Lei 9/2017, conforme aos términos e requisitos establecidos en dito texto legal.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP, os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de



Concello de Vigo

fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Noveno.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª . 4 LCSP)

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto de **PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DE ELEMENTOS PROMOCIONAIS QUE TERÁ COMO FIN A PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA FEIRA INTERNACIONAL DE TURISMO (FITUR) 2024.**

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 04/07/2023 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 10/08/2023

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación 63.515,32 €, con IVE de 11.023,32 €

O contrato financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria 4320.227.9900 "Organización e loxística de Feiras" do programa orzamentario do servizo de Turismo Co seguinte desglose de anualidades(incluído IVE):

- > Ano 2023: 23.861,20 €
- > Ano 2024: 39.654,12 €

Quinto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(765).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXENCIA DE VIAXES PARA A XESTIÓN DE RESERVAS E ORGANIZACIÓN DA VIAXE DOS MEMBROS DA DELEGACIÓN ASISTENTES Á FEIRA INTERNACIONAL DO TURISMO FITUR 2024. EXPTE. 8495/104.

Visto o informe xurídico do 04/09/2023 e o informe de fiscalización do 05/09/2023, dáse conta do informe-proposta asindo pola técnica en Actividades Turísticas con data 29/08/2023 e conformado pola condelleira-delegada de Turismo, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

Antecedentes:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, foi asinada o 04/07/2023.
- Memoria económica de data 04/07/2023, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP, en base ós prezos facturados na pasada edición da feira Fitur para o mesmo tipo de servizos nos anos precedentes para levar a cabo o obxecto de presente contrato e facendo un cálculo do custo medio.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 04/07/2023 (operacións nº 139601 e 139605).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 04/07/2023



Concello de Vigo

- Memoria xustificativa de data 04/07/2023 relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da elección do criterio de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación da fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
 - Lugar de entrega dos bens obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do servizo de contratación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública asinado en data 10/08/2023
- Prego de Cláusulas administrativas particulares asinado polo servizo de contratación de data 10/08/2023

Fundamentos de dereito

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No Concello de Vigo esta competencia esta delegada por Resolúcións da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de área de goberno e nos concelleiros delegados de data 22 de xuño de 2023 e BOP n.º 123 de data 27 de xuño de 2023.

A Concelleira delegada de Turismo mediante resolución de 04/07/2023 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de servizo (art. 17 LCSP).O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto con varios criterios de adxudicación en aplicación dos artigos 131.2, 145, e 156.1 de la Lei 9/2017, conforme aos términos e requisitos establecidos en dito texto legal.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP, os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Noveno.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª . 4 LCSP)

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto de PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXENCIA DE VIAXES PARA A XESTIÓN DE RESERVAS E ORGANIZACIÓN DA VIAXE DOS MEMBROS DA DELEGACIÓN QUE SE DESPRACEN A MADRID CON MOTIVO DA FEIRA INTERNACIONAL DE TURISMO, FITUR 2024.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 04/07/2023 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 10/08/2023



Concello de Vigo

Tercero: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de 28.926,99€ con iva, sendo o IVE (tipo 10% e 21%) 2.769,86€.

O contrato financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria 4320.227.9900 “Organización e loxística de Feiras” do programa orzamentario do servizo de Turismo. Co seguinte desglose de anualidades (incluído IVE):

- Ano 2023: 5.785,39€
- Ano 2024: 23.141,60€

Quinto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(766).- APROBACIÓN INICIAL DO «PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DA UNIDADE DE ACTUACIÓN UA-1 CEÁN». EXPTE. 17983/411.

Visto o informe de fiscalización de data 06/09/2023, dáse conta do informe-proposta de asinado pola técnica de Admón. Xeral o 30/08/2023, pola xefa da Área de Desenvolvemento o 31/08/2023, conformado polo xerente de Urbanismo e pola concelleira da Área de Goberno e sometido ao Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 05/09/2023, que di o seguinte:

Examinado o presente expediente, tramitado a instancia da Xunta de Compensación da AOD A-2-21 CEÁN, e á vista da derradeira documentación técnica inserida no rexistro desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 22 de novembro de 2022,- Doc. Núm. 220289647- que inclúe a documentación preceptiva en soporte dixital, aos efectos de proceder á aprobación definitiva do dito instrumento de planeamento, procédese á emisión do seguinte Informe con proposta de acordo, para o que resultan relevantes os seguintes,

I.- ANTECEDENTES E FEITOS

A) Con data do 10.11.2015, o Tribunal Supremo ditou sentenza no recurso de casación núm. 1658/2014, pola que se declarou a nulidade do PXOM de 2008, o cal significou a reviviscencia do PXOM de 1993 nomeado de “*Subsanación de Deficiencias na Adaptación do PXO- 88 á Lei 11/1985, de 22 de abril, de Adaptación da do Solo a Galicia*” aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.1993 (DOG do 10.05.1993e BOP do 14.07.1993), xunto coas súas modificacións puntuais definitivamente aprobadas.

No citado e vixente PXOU-93, se delimita a Unidade de Actuación en Solo Urbano D SU UA-1 CEÁN como unha das actuacións de reforma interior previstas na parroquia de Coruxo, dentro do núcleo rural existente de recente formación “Carrasqueira”, co obxecto de ordenar o espazo baleiro existente ao carón da estrada do VAO EP-2003;

A ordenación do ámbito desta unidade de actuación a remite o PXOU á redacción dun Estudo de Detalle, previsión que non ten acomodo no vixente marco legal, que esixe da redacción dun Plan Especial de Reforma Interior.

O presente instrumento de planeamento de desenvolvemento, se tramita a instancia da Xunta de compensación da AOD A-2-21 Cean, propietaria única do ámbito; Obra no expediente, escritura de elevación a público dos acordos sociais adoptados pola Asemblea xeral da Xunta de Compensación celebrada o 08.10.2020, efectuada perante o notario de Vigo don Fernando Olmedo Castañeda o 10.02.2020 ao número 405 do seu protocolo, no que entre outros, figura o acordo de proceder á presentación por parte da Xunta de compensación perante as entidades urbanísticas o instrumento de planeamento Plan Especial de Reforma interior da unidade de actuación D SU AU.1 Cean, na parroquia de Coruxo, Vigo.

B) Actuacións administrativas realizadas

Con data do 22 de marzo de 2021, a Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo ditou Resolución pola que, se dispuxo *“(.)incoar formalmente o procedemento administrativo correspondente á tramitación do “ Plan Especial de Reforma Interior da Unidade de Actuación UA-1 Ceán, Vigo” instrumento de iniciativa particular formulado pola Xunta de compensación da AOD A-2-21 CEAN, en virtude da facultade conferida polo artigo 74 da LSG, en atención ao instado verbo da remisión da documentación técnica presentada- Borrador e DAE redactada pola empresa “Ordenación Territorial, Infraestruturas e Medio Ambiente, SL (OTIMA, SL), asinada dixitalmente con firma válida polo arquitecto director dos traballos D. Diego Rivas Pérez,- ao órgano ambiental correspondente da Xunta de Galicia, en solicitude do inicio do trámite de Avaliación ambiental simplificada (.)”.*

En cumprimento do Resolto, mediante oficio do 20.05.2021 (Not. Núm. 7595/2021) procedeuse á remitir á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático a Solicitude de inicio da avaliación ambiental xunto co correspondente Borrador do PERI e o Documento Ambiental Estratéxico; Deste xeito con data do 26.07.2021 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda formula o Informe Ambiental Estratéxico relativo ao PERI e resolve non sometelo ao procedemento de avaliación estratéxica ordinaria, xa que non se prevén efectos ambientais significativos (publicada DOG n.º. 155 do 13.08.2021). O 29/07/2021 consta recepción do oficio a esta administración remitindo o amentado informe ambiental estratéxico ao que xunta os informes e comentarios recibidos durante o preceptivo período de consulta (informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e informe do Instituto de Estudos do Territorio).

Por parte dos servizos técnicos municipais recadáronse, no seo do presente expediente e do exp. 416/403 en cumprimento do previsto no artigo 162.g)do RLSG, procedeuse a solicitar os informes correspondentes, as empresas subministradoras e distribuidoras, - verbo da viabilidade da suficiencia e subministro e infraestruturas do ámbito; obra no exp. Núm. 416/403 informe do enxeñeiro civil do 28.09.2020 sobre suficiencia das infraestruturas e servizos existentes e previstos no ámbito.

Neste estado da tramitación, e logo da achega de sucesiva documentación técnica, preceptiva para a aprobación inicial do presente instrumento de planeamento, en cumprimento de senllos requirimentos efectuados por esta administración, á vista dos informes técnicos emitidos ás diversas entregas, con data do 22.11.2022, Doc. Núm. 220289647, o Presidente da Xunta de compensación da ADO A-2-21 Ceán, presenta no rexistro xeral desta Xerencia municipal de urbanismo, documentación refundida relativa ao presente instrumento de planeamento, en soporte dixital, que substitúe e anula a anteriormente achegada, aos efectos de que se proceda a súa aprobación inicial.

Elevado o expediente a arquitecta do servizo de planeamento e xestión, con data do 17.03.2022 emite informe técnico favorable, á vista da derradeira documentación presentada, do que reproducimos a continuación o seu contido, para unha maior comprensión do dito pronunciamento.



Concello de Vigo

"(...) O planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.1993, coas súas modificacións puntuais. Coñecido como PXOU 93 ou Plan Xeral de 1993 (en adiante PXOU93), en realidade trátase do denominado Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia). A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG nº 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P. nº 133, o 14 de xullo de 1993. Asemade, está vixente o Instrumento de Ordenación Provisional (en adiante IOP), redactado polos servizos técnicos municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo, ao abeiro da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (en adiante LAMFAO); foi aprobado definitivamente polo Pleno o 24.07.2019, publicación no DOG n.º 160 do 26.08.2019 e a súa normativa foi publicada no BOP Pontevedra n.º 181 do 20 de setembro de 2019.

O Plan Especial de Reforma Interior (en adiante PERI) do ámbito de solo urbano da Unidade de Actuación 1 Ceán, dentro do núcleo rural existente de recente formación 08 01 D Carrasqueira, redáctase por iniciativa particular en desenvolvemento do Plan Xeral de 1993. A ficha do plan xeral para o ámbito resúmese en:

- Planeamento de desenvolvemento: Estudio de detalle*
- Superficie: 6.120 m²*
- Iniciativa: Privada*
- Sistema de actuación: Compensación*
- Programa: 2º cuatrienio*
- Obxectivos: completar o viario do ámbito*
- Aproveitamento: edificabilidade residencial 0,5 m²/m²*
- Nº máximo vivendas: 21*
- Reservas mínimas para dotacións: espazos libres 612 m²*
- Criterios de ordenación e normativa de aplicación: sección mínima viario 8 m; ordenanzas 1.3.B, 1.3.D e 3.1A.a*

O Plan Xeral do ano 1993 é un planeamento non adaptado nin á Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (en adiante LSG), nin á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, polo que se terá en conta o apartado 2 da Disposición Transitoria Primeira (Régime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento) da LSG, que establece que: "ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.b) desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano non consolidado". Polo tanto, estarase ao disposto na LSG para esta categoría de solo, en canto a reservas mínimas de equipamentos, zonas verdes, así como ao establecido na súa disposición Transitoria 5º en relación á reserva de vivenda protexida.

Malia que o instrumento de desenvolvemento que sinala a ficha é un estudo de detalle, na lexislación actual este instrumento ten limitacións que fan que non se poida desenvolver unha ordenación detallada e

usos pormenorizados mediante este instrumento; sendo o instrumento necesario un plan especial de reforma interior.

Con data 18 de marzo de 2021 a vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo asinou a resolución de inicio do procedemento para a tramitación do Plan Especial de Reforma Interior da Unidade de Actuación UA-1 Ceán, promovido pola Xunta de Compensación da AOD A-2-21 Ceán. O 20.05.2021 remítese á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático solicitude de inicio da avaliación ambiental xunto co correspondente Borrador do PERI e o Documento Ambiental Estratéxico.

O 26.07.2021 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda formula o Informe Ambiental Estratéxico relativo ao PERI e resolve non sometelo ao procedemento de avaliación estratéxica ordinaria, xa que non se prevén efectos ambientais significativos (publicada DOG n.º. 155 do 13.08.2021). O 29/07/2021 consta recepción do oficio a esta administración remitindo o informe ambiental estratéxico, que acompaña os informes e comentarios recibidos durante o período de consulta (informe Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, informe do Instituto de Estudos do Territorio).

Por parte dos servizos técnicos municipais recadáronse, no seo do presente expediente e do exp. 416/403, informes sobre o estado das infraestruturas e servizos relacionados co ámbito, tanto das empresas subministradoras. Consta no exp. 416/403 informe do enxeñeiro civil do 28/09/2020 sobre suficiencia das infraestruturas e servizos existentes e previstos no ámbito.

1. DOCUMENTACIÓN

A documentación técnica, propia desta fase e obxecto do presente informe, ten data de novembro de 2022, está redactada por OPTIMA S.L. e consta de sinatura dixital do arquitecto Diego Rivas Pérez na documentación non editable, agás o estudo de impacto acústico que está datado en xullo de 2022, redactado pola empresa SONEN e asinado dixitalmente por Pablo Gómez Pérez en representación da dita empresa.

1.1. CONTIDO DOCUMENTAL

A documentación achegada está composta de tres carpetas comprimidas (.zip) que conteñen a a documentación técnica xunto coa súa correspondente pegada dixital (.hexhash), unha declaración responsable conforme ao Anexo 9 das Normas Técnicas de Planeamento (en adiante NNTTPP), asinada polo representante da empresa redactora, e un informe contestación en resposta aos últimos informes técnicos municipais que foron trasladados á xunta de compensación. Comprobouse que as pegadas dixitais son coincidentes para as tres carpetas comprimidas da documentación.

O contido das tres carpetas é o seguinte:

- 36057_PERI_UA1_202211_AI_01PDF, documentación non editable en formato .pdf coa seguinte estrutura:

- 01.MX
 - índice xeral
 - memoria informativa
 - memoria xustificativa
 - 11 anexos á memoria
- 02.PINF



Concello de Vigo

- *índice e 19 planos de información*
- 03.PORD
 - *índice e 18 planos de ordenación*
- 04.NU
 - *normativa urbanística*
- 05.CAT
 - *non procede*
- 06.EE
 - *estudo económico*
 - *memoria de viabilidade económica*
- 07AAE
 - *documento ambiental estratéxico e planos alternativos (documentación da fase anterior)*
 - *resolución pola que se formula o IAE*
 - *informe do IET na fase de consultas no procedemento de AAE*
 - *informe da directora xeral de ordenación do territorio e urbanismo na fase de consultas no procedemento de AAE*

- 36057_PERI_UA1_202211_AI_02EDIT, documentación editable que contén a documentación que serviu de base para a elaboración da documentación non editable contida na carpeta anterior 36057_PERI_UA1_202211_AI_01PDF, coa seguinte estrutura:

- 01.DOC_EDIT
 - *con idéntica estrutura de carpetas que a documentación non editable, e que contén a documentación que serviu para a elaboración desta; achégase arquivos en formato: .docx para a documentación escrita e .mxd ou .dwg para a documentación gráfica.*
- 02.FONTE_DATOS
 - *Información xeográfica en formato vectorial consistente nas seguintes capas en formato shape:*
 - *delimitación 36057_PERI_UA1_202211_AI_01DEL*
 - *cualificación 36057_PERI_UA1_202211_AI_02QUAL*
 - *edificación 36057_PERI_UA1_202211_AI_03EDIF*
 - *resto de arquivos que serviron para a confección da documentación (geodatabase .gdb, imaxes, base catastral, arquivos .dwg ...)*

- 36057_PERI_UA1_202211_AI_01PDF_esp, con idéntica estrutura que a carpeta anterior 36057_PERI_UA1_202211_AI_01PDF de documentación non editable, configúrase unha versión para enviar ás administracións que non pertencen ao ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia na que se substituíronse os arquivos pertencentes á documentación escrita pola súa versión en castelán. Non se entregan os editables de dita versión castelán.

Cómpre sinalar que o presente informe circunscríbese á documentación na súa versión en galego, entendéndose que a outra, a contida na carpeta 36057_PERI_UA1_202211_AI_01PDF_esp, é unha versión traducida ao castelán, xa que o equipo redactor inclúe a súa pegada dixital na declaración responsable presentada na que se declara a coincidencia entre os diferentes formatos.

En relación ao informe contestación, no seu apartado 1.3 o equipo redactor xustifica que non procede a incorporación dun resumo executivo; dita cuestión xurídica terá que ser valorada pola técnica xurídica de planeamento de desenvolvemento e xestión.

1.2. MEMORIA INFORMATIVA

A Memoria Informativa recompila toda a información urbanística dispoñible do estado actual do ámbito, do seu contorno próximo, así coma dos seus antecedentes: ámbito A-2-21 do PXOM 2008 anulado, réxime urbanístico de aplicación (DOT, POL, planeamento vixente, planeamento en revisión,...), encadre territorial, o medio físico (clima, morfoloxía, topografía, xeoloxía e hidroloxía), o medio biótico (vexetación, fauna e hábitats), medio perceptual (a paisaxe, unidades e valores paisaxísticos), caracterización socioeconómica (demografía, base económica e mercado de traballo), patrimonio cultural, medio territorial (usos do solo, morfoloxía urbana, estrutura da propiedade, edificacións existentes, rede viaria e de servizos, transporte e mobilidade), afeccións sectoriais (augas, costas, espazos protexidos, aeroportuarias,...). Descríbense tamén os condicionantes tidos en conta na redacción do instrumento. Asemade xustifícanse os axustes na delimitación do ámbito.

O ámbito se caracteriza por ser un baleiro urbano dentro dun área urbanizada con predominio de vivendas unifamiliares, un territorio moi humanizado aínda que carente de ordenación. Non existen edificacións no ámbito e a vexetación está practicamente restrinxida a matogueiras, xa que se trata dunhas parcelas baldías, agás unha agrupación de árbores ao sur (5 carballos e dous matos de loureiro real); non existe ningún elemento catalogado do patrimonio cultural nin natural.

1.3. MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Memoria Xustificativa inclúe a oportunidade e conveniencia da redacción do PERI, así coma a descrición e xustificación da ordenación proposta: criterios de ordenación, criterios respecto da cualificación do solo, infraestrutura viaria e redes de servizos, criterios respecto da execución do planeamento e síntese da proposta de ordenación.

Xustifícase o cumprimento da lexislación urbanística vixente: límites de sustentabilidade, reservas de solo (equipamentos, espazos libres, prazas de aparcamento, arborado, vivenda protexida), normas de calidade ambiental e paisaxística, normas de aplicación directa, contido documental e determinacións do PERI, determinacións das DOT.

En canto ás condicións de equidistribución, establece o sistema de actuación e a delimitación dos polígonos, así como a ponderación dos usos pormenorizados.

Defínense, así mesmo, os criterios de deseño do viario, prazas de aparcamento e condicións de accesibilidade. Tamén se describen as infraestruturas propostas de abastecemento de auga, saneamento, enerxía eléctrica, alumado público e telecomunicacións, a desenvolver no futuro Proxecto de Urbanización.

1.4. ANEXOS Á MEMORIA

A memoria inclúe 11 anexos:

- O Anexo I contén unha ficha ou cadro resumo de superficies co cumprimento das determinacións do PERI en relación coa lexislación vixente e as condicións da ficha do plan xeral: cumprimento das reservas mínimas, usos pormenorizados, delimitación poligonal, coeficientes de ponderación ...

- O Anexo II comprende o estudo de avaliación da mobilidade, que estuda a inserción do ámbito no



Concello de Vigo

sistema de mobilidade da área urbana, a mobilidade peonil, a reserva de aparcadoiros e o transporte público da contorna. Tamén contén a xustificación da normativa de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, nomeadamente a xustificación verbo das condicións da Orde TMA/851/2021 e da lei 10/2014 de accesibilidade.

- Este Anexo III contén unha ficha vixencia de planeamento, segundo o modelo do anexo 7 das NNTTPP. Cómpre sinalar que coa modificación do ano 2022 das ditas normas, esta ficha soamente é esixible aos planeamento xeral.

- Como Anexo IV se inclúe o marco normativo de referencia.

- O Anexo V contén unha memoria xustificativa de adaptación ambiente e protección da paisaxe.

- No Anexo VI xustifícase o cumprimento da normativa sectorial aplicable: normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, normativa de costas e protección do litoral, normativa de servidumes aeronáuticas e normativa de ruído (se acompañan planos de zonificación acústica).

- O Anexo VII constitúe a relación do parcelario catastral.

- No Anexo VIII se achega o análise da infraestrutura de servizos urbanos, a estimación e xustificación da demanda, a conexión coas redes xerais e a descrición das redes propostas.

- O Anexo IX contén a memoria de impacto de xénero.

- No Anexo X xúntase unha reportaxe fotográfica do ámbito

- E finalmente como Anexo XI se inclúe o estudo de impacto acústico relativo ao PERI.

1.5. DOCUMENTACIÓN GRÁFICA

A documentación gráfica divídese en:

- Planos de información (...)
- Planos de ordenación (...)

1.6. ORDENANZAS PROPIAS DA ORDENACIÓN

Neste documento establécese unha normativa particular para este Plan Especial, establecendo as ordenanzas específicas para as distintas zonas de ordenación, así como as normas de urbanización para a súa posterior execución.

1.7. ESTUDO ECONÓMICO E MEMORIA DE SOSTIBILIDADE ECONÓMICA

A documentación do PERI contén o estudo económico esixible en base ao artigo 175 do RLSG, no que se recolla a avaliación económica da implantación dos servizos e a execución das obras de urbanización, incluídas as conexións cos sistemas xerais existentes e a súa ampliación e reforzo. E incorpora unha memoria de viabilidade económica, en termos de rendibilidade, de adecuación aos límites do deber legal

de conservación e dun adecuado equilibrio entre os beneficios e as cargas derivadas da ordenación proposta para as persoas propietarias incluídas no ámbito de actuación, co contido mínimo sinalado no Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana.

Conclúese que se trata dunha actuación na que se garante a sostibilidade económica para o Concello de Vigo; e que as cargas de urbanización derivadas das previsións da ordenación son viables e resultan equilibradas cos aproveitamentos asignados.

2. OBXECTIVOS E CRITERIOS DE ORDENACIÓN

A ficha do PXOU93 para a Unidade de Actuación 1 Ceán, establece como obxectivo completar o viario do ámbito, e como criterios de ordenación e normativa de aplicación que sección mínima viario sexa de 8 m e as ordenanzas 1.3.B, 1.3.D e 3.1A.a.

A memoria xustificativa do PERI establece como obxectivo xeral establecer a ordenación detallada do ámbito completando, con criterios de racionalidade e sostibilidade, a trama urbana nesta zona e tendo en conta que se trata dun solo urbano non consolidado segundo a lexislación vixente. Ademais establece os seguintes obxectivos específicos: a ordenación do ámbito con criterios de racionalidade e sostibilidade procurando unha acaida integración e articulación dos usos e da edificación na estrutura urbanística da súa contorna; a obtención de dotacións urbanísticas, a mellora da conectividade e accesibilidade do núcleo de vivendas existentes arredor do camiño de Ceán, coa ordenación dun novo viario; e a mellora da rede de servizos existente.

O apartado 2.2.3 da memoria xustificativa sinala que a ordenación proposta atende aos criterios de procurar unha acaida integración ambiental e paisaxística da ordenación, dar a prevalencia necesaria na ordenación ao espazo público e minimizar os impactos da urbanización.

3. DESCRIPCIÓN DA PROPOSTA

O ámbito considerado é un baleiro existente no núcleo de Carrasqueira rodeado de edificacións de tipoloxía unifamiliar illada, entre o camiño Ceán e a estrada do Vao (EP-2003); que inclúe as seguintes parcelas catastrais: 7916806NG1771N, 7916828NG1771N e 7916827NG1771N (de xeito parcial). O PXOU93 delimita dito ámbito na folla 9-34 do plano de Clasificación e cualificación, atopándose tamén na folla 16-E da Serie 2B de "Ordenación pormenorizada do solo urbano e PXOU93" do IOP.

O IOP vixente inclúe na súa delimitación os terreos que arrodean o ámbito como solo urbano consolidado en zona de ordenanza 10 Edificación Residencial Exterior, no seu grao 2º, cuxo uso Característico é Residencial, Clase Vivenda na súa Categoría 1º de vivenda unifamiliar. A ordenación proposta refírese a un ámbito de 7.082 m². O ámbito do plan especial axústase respecto do incluído no Plan Xeral de 1993, pasando a xustarse á delimitación do IOP, ao parcelario catastral e axustándose no enlace coa EP-2003. Entre os planos de información figura un plano topográfico do ámbito, o axuste se xustifica na memoria informativa, así como un plano de ordenación coa ordenación de aplicación dos terreos excluídos que tamén se xustifica na memoria. Este reaxuste non supera o 10%, conforme ao establecido no artigo 157 do RLSG, en todo caso, será necesaria a audiencia previa aos propietarios afectados.

Cómpre sinalar que a iniciativa deste plan especial parte da Xunta de Compensación da AOD A-2-21 Ceán (C.I.F. V-27773753); dita xunta constituíuse co gallo deste planeamento de desenvolvemento incluído no PXOM do ano 2008 anulado; o Consello da XMU aprobou a constitución da antedita xunta de compensación o 02.11.2012 no seo do exp. 5033/401. Consta neste expediente escrito da propietaria da



Concello de Vigo

parcela 7916823NG1771N de data 16,10.2020 no que manifesta o seu desexo de que a súa propiedade non e inclúa no plan especial que se está tramitando.

3.1. A ORDENACIÓN DETALLADA

A ordenación detallada proposta, despois dunha labor de selección de alternativas, estrutúrase no interior do baleiro urbano a partir dun viario que conecta a estrada do Vao, ao sueste, e o camiño Ceán, ao noroeste; se destina un total de 1.745 m² a viario. Ao norte do novo viario se sitúan as edificacións de vivenda unifamiliar distribuídas en 3 agrupacións de vivendas unifamiliares en fileira; e ao sur do viario se sitúan a zona verde (717 m²) e o equipamento (359 m²) dotacional múltiple, e tamén se distribúen as prazas de aparcamento público en superficie. Sinalar que o equipo redactor fai unha proposta para que a parcela de equipamento se destine a incrementar as zonas verdes públicas, procedemento regulado no artigo 42.5 la LSG.

A edificabilidade residencial se concreta en dúas parcelas de vivenda unifamiliar en fileira libre, con fronte ao novo viario, de 2.671 m² de superficie; e a reserva de vivenda protexida (30%) se sitúa nunha parcela de 1.589 m² ao oeste, prevendo que será en réxime de condominio. Establécense unhas áreas de movemento nos planos de ordenación, que xunto coas condicións de parcela e fronte mínimo garanten que o número de vivendas non supere o establecido na ficha do plan xeral, que é de 21. A reserva de edificabilidade comercial (40 m²) se sitúa ao suroeste, incluída dentro dunha parcela residencial.

3.2. A PROPOSTA DE EXECUCIÓN

O apartado 2.2.5 da memoria xustificativa e o artigo 1.7 da normativa do PERI concretan a execución e xestión do Plan, delimitándose todo o ámbito como un único polígono a eses efectos, establecéndose o sistema de compensación como sistema de actuación; considerando a posibilidade de cambio ao sistema de concerto nos supostos previstos no artigo 120 da LSG. O apartado 2 da Estudo Económico establece unha fase única de execución e contén a fixación de prazos para dar cumprimento aos deberes das persoas propietarias de xestión, urbanización e edificación:

Equidistribución: 1 ano a partir da aprobación do PERI

Urbanización: 1 ano desde a aprobación definitiva do instrumento de equidistribución

Edificación: 3 anos desde aprobación definitiva do instrumento de equidistribución

Aos efectos de urbanización, o apartado 3 da normativa establece as normas e condicións da urbanización, así coma o contido do proxecto de urbanización. No art. 3.6 da n.u. se establece a obriga da conservación das zonas verdes e mobiliario urbano mediante á constitución dunha entidade urbanística de conservación nos primeiros cinco anos dende a recepción das obras de urbanización.

3.3. A NORMATIVA PARTICULAR

A normativa urbanística propia do plan especial contén unhas normas xerais, nas que se establece o ámbito de aplicación, a vixencia o alcance normativo, o réxime urbanístico, a división poligonal,...; unhas ordenanzas específicas para o ámbito, que se compoñen dunhas normas comúns a tódalas ordenanzas e outras ordenanzas particulares segundo a zona de ordenanza; e tamén contan cunhas normas de urbanización, que versan entre outros, sobre o contido do proxecto de urbanización e as condicións e conservación da dita urbanización.

As ordenanzas particulares que se propoñen son:

Ordenanza UA-1 CEÁN – RU-L de edificación residencial unifamiliar

Ordenanza UA-1 CEÁN – RU-P de edificación residencial unifamiliar en réxime de protección

Ordenanza de Zonas verdes e espazos libres e Ordenanza de Equipamentos.

A ordenanza de zonas verdes e espazos libres remite ao art. 3.4.6 do plan xeral vixente. A ordenanza de equipamento, para o que se propón un dotacional múltiple, regularase pola ordenanza do plan xeral vixente que lle resulte de aplicación por razón de uso. As ordenanzas tamén establecen unha regulación para o solo destinado a viario e aparcamento público, remitíndose ás normas de urbanización propias ou, no seu caso, á normativa do Plan Xeral.

No non establecido nas ordenanzas particulares estarase ao disposto na normativa urbanística do Plan Xeral de 1993.

Ademais, as condicións específicas para cada unha das tres parcelas definidas na ordenación correspondentes á tipoloxía de vivenda unifamiliar, especificanse nos planos de ordenación, que reflicten áreas de movemento da edificación, ocupación baixo rasante, recuados, cotas.

E complementando á normativa urbanística, no que atinxe ás alturas das edificacións, terase en conta os planos de ordenación nos que se reflicten as seccións das distintas parcelas, e se establecen as cotas de referencia para a medición das alturas.



Concello de Vigo

4. DETERMINACIÓNS E DOCUMENTACIÓN DOS PLANS ESPECIAIS DE REFORMA INTERIOR

O plan especial de reforma interior redactado cumpre co establecido no artigo 72 da LSG e 181 do seu regulamento, e contén as determinacións e documentación propias dos plans parciais (art. 162 e ss do RLSG). A documentación ten o grao de precisión adecuado aos seus fins.

Por Orde do 10 de outubro de 2019 (DOG n.º 224 25/11/2019) aprobáronse as Normas Técnicas de Planeamento, modificadas por Orde do 8 de abril de 2022 (DOG núm. 78, 25.04.2022), polo que os instrumentos de planeamento deben ter en conta as disposicións e criterios contidas nestas na elaboración dos instrumentos de planeamento. A súa estrutura e contido axústase en liñas xerais aos criterios técnicos establecidos nas NNTTPP.

Porén, de cara á seguinte fase de tramitación fanse as seguintes recomendacións: a codificación dos arquivos adáptase ás NNTTPP, así a todo, recoméndase incluír na documentación o como nome UA1CEAN (ou outro ata 7 caracteres), é dicir, engadir ao código do instrumento tamén o nome representativo, para que de xeito inequívoco se poda distinguir doutras posibles unidades de actuación n.º 1 do plan xeral; o arquivo do índice tería que conter a continuación a composición do equipo redactor, non obstante dita composición figura no apartado 1.1.2 da memoria informativa; en relación á documentación editable, deberíanse facilitar os arquivos cos que se elaboraron algunhas táboas, fichas e índices.

5. CALIDADE DE VIDA E COHESIÓN SOCIAL, E NORMAS DE CALIDADE AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA

5.1. CALIDADE DE VIDA E COHESIÓN SOCIAL

En canto ao sistema de espazos libres públicos destinados a parques, xardíns, áreas de lecer, expansión e recreo da poboación: o plan especial prevé a reserva de 717 m² de solo nunha única parcela, denominada SL-EL-ARX-Ob nos planos de ordenación e destinada á tipoloxía de área de xogos, para o sistema local de espazos libres e zonas verdes, en cumprimento da reserva mínima establecida na lexislación urbanística art. 69.1.a RLSG e art. 42 LSG (18 m² por cada 100 m²c residenciais e como mínimo o 10% do ámbito) e que cumpre as determinacións do art. 70 do RLSG segundo a súa tipoloxía.

En relación ao sistema de equipamentos públicos destinados á prestación de servizos sanitarios, asistenciais, educativos, culturais, deportivos e outros que sexan necesarios: o plan especial prevé a reserva de 359 m² na parcela, denominada SL-EQ-DM-Ob nos planos de ordenación e destinada a dotacional múltiple. Polo tanto, cúmprese a reserva mínima de 10 m²/100m² edificables (art. 69.1.b RLSG). Se destina a dotacional múltiple, cualificación xenérica para reservas de solo con destino a equipamentos ás que non se lles asigna un uso específico, deixando a súa definición para un momento posterior (art. 71 RLSG).

O plan especial establece a apertura dun novo viario que conta cun ancho mínimo 10 metros, que supón 6 m de calzada (3 metros por carril) e beirarrúas a ambos lados de ancho mínimo 2 m, cumprindo o establecido no art. 74 RLSG.

No que atinxe á dotación de prazas de aparcamento (art. 69 e 75 RLSG): para dar cumprimento ao estándar legal dunha praza por cada 100 m² residenciais (o que supón 36 prazas), esíxese nas Ordenanzas particulares unha obriga de reserva dunha praza cada 100 m² edificadas cun mínimo de 2 prazas por vivenda, e se reservan 9 prazas de aparcamento público (que supoñen unha cuarta parte das 36 totais esixidas), situadas en superficie e dispostas dentro da sección do viario interior.

En canto á reserva de arborado: o PERI establece a plantación ou conservación de 36 árbores nos espazos libres e zonas verdes públicas e privadas e en aliñacións no sistema viario proposto, que da cumprimento á reserva mínima establecida na lexislación. Segundo o plano de ordenación se sitúan: 22 árbores na parcela SL-EL-ARX, 11 árbores no espazo libre común da parcela de vivenda protexida e 4 árbores no sistema viario.

No relativo ás redes de servizos (art. 76 RLSG), o plan especial contempla as infraestruturas necesarias para: abastecemento de enerxía eléctrica, subministro de auga, saneamento (con redes separadas para augas residuais e pluviais), redes de telecomunicacións e alumeadado público. Non se propoñen centros de transformación de electricidade en superficie nos espazos públicos.

En canto á vivenda de protección (art. 77 RLSG): o plan especial prevé un total de 1.062 m²c que terán que adicarse a algún réxime de protección pública, de tipoloxía vivenda unifamiliar; esta edificabilidade supón o 30% da edificabilidade residencial do plan. A localización da zona reservada para vivenda de protección figura nos planos de ordenación.

5.2. NORMAS DE CALIDADE AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA (art. 78 RLSG)

Habitabilidade, salubridade e funcionalidade das vivendas e usos residenciais. A ordenación proposta cumpre as condicións establecidas polas Normas de habitabilidade de vivendas de Galicia NHV (Decreto 29/2010 do 4 de marzo), e así se xustifica no anexo 6 da memoria. As ordenanzas reguladoras establecen as condicións para que unha vivenda sexa considerada exterior, en remisión ao artigo as propias NHV. A ordenación, a través das ordenanzas propias e as áreas movemento, garante que as vivendas teñan iluminación e ventilación directa a través de espazos exteriores de calidade, públicos ou privados, e un axeitado asollamento.

Criterio para a medición das alturas. O plan especial sinala nas súas ordenanzas particulares a altura máxima das edificacións residenciais atendendo á altura en número de plantas e altura en metros, ambas medidas dende a cota de referencia definida tamén nas ditas ordenanzas; dita altura se medirá dende o punto de contacto da edificación co terreo no punto medio de tódalas súas fachada, non debe haber nos extremos de cada una das fachadas variacións superiores a 1 metro sobre a altura máxima permitida.

Equilibrada articulación de usos, actividades e tipoloxías edificatorias compatibles. O plan especial de reforma urbana propón unha razoable e equilibrada articulación de usos, actividades e tipoloxías edificatorias compatibles. Neste senso, e de acordo cos criterios da ficha do Plan Xeral que establece o uso residencial, a ordenación prevé tipoloxías edificatorias de vivenda unifamiliar en fileira, pormenorízase o uso residencial protexido naquelas parcelas reservadas a vivendas acollidas a algún réxime de protección, resérvase un porcentaxe de edificabilidade para comercial e usos dotacionais, así como áreas de espaxamento.

Reserva edificabilidade comercial. O PERI establece a reserva de 40 m² de edificabilidade como comercial en cumprimento do mínimo esixido do 1% da edificabilidade residencial de acordo coa lei de comercio interior de Galicia.

Accesibilidade, barreiras arquitectónicas e urbanísticas. No anexo 2 da Memoria do PERI xustifícase o cumprimento na ordenación proposta do establecido na Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade e o Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, no que se refire as pendentes dos novos viarios, anchos das beirarrúas, itinerarios peonís, previsión de prazas de aparcamento adaptadas. Asemade, tamén se xustifica o cumprimento do establecido na normativa



Concello de Vigo

estatal, a Orde TMA/851/2021, do 3 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados. Nos planos de ordenación reflíctese a praza reservada para aparcamento de persoas con mobilidade reducida, que cumpren os mínimos legais, e os itinerarios peonís accesibles se sinalan no antedito anexo 2.

Altura máxima das edificacións en proporción ao ancho das vías e espazos libres. A ordenación proposta contempla unha altura máxima de dúas plantas, cun máximo de 7 metros. Na ordenación garántese que se cumpre esta condición de proporción entre altura das edificacións e o ancho das vías e espazos libres, tal e como se xustifica no apartado 2.3.1.3 da memoria Xustificativa.

Tendidos aéreos e soterramento dos existentes. Non existen na actualidade tendidos aéreos no ámbito. As novas redes de servizos, segundo a documentación, proxéctanse soterradas.

Medianeiras vistas. No ámbito non existen edificacións. A normativa do plan especial establece que os testeiros libres das edificacións deben ter o tratamento de fachadas.

5.3 DATOS DERIVADOS DA ORDENACIÓN PROPOSTA

	ORDENACIÓN
Sup. delimitada	7.082 m ²
Sup. Comp. Aprov. tipo	7.082 m ²
Índice de edificabilidade bruta	0,5 m ² c/m ² s
Edificabilidade total	3.541 m ² c
Tipoloxías edificatorias	Vivenda unifamiliar
Residencial libre	2.439 m ² c
Residencial protexida	1.062 m ² c
Comercial	40 m ² c
Zonas Verdes e E.L.	717 m ²
Equipamentos	359 m ²
Aparcamentos públicos	9 prazas (1 adaptada)
Ancho novo Viario	10 m
Altura máxima	• B+I plantas (7 m)

6. AVALIACIÓN ECONÓMICA/ SOSTIBILIDADE ECONÓMICA

O plan especial contén unha avaliación económica, no punto 1 do documento denominado Estudo Económico, na que se recollen os custes da urbanización interior do ámbito, o custe das conexións exteriores e os custes de xestión e tramitación; o total de custes da transformación urbanística estímase en 276.741 €. Tamén se valora a repercusión dos custes de urbanización, considerándose que son viables e resultan equilibradas cos aproveitamentos.

Por outra banda, o plan especial analiza na memoria de sostibilidade económica o impacto desta actuación na facenda local, analizando os custos de mantemento, a posta en marcha e a prestación dos servizos públicos resultantes, así como os ingresos derivados dos tributos municipais. Neste caso, conclúese cun balance positivo entre os gastos municipais e os ingresos para a facenda local; polo tanto, trátase dun desenvolvemento sostible para o Concello.

Sen prexuízo da conveniencia dunha revisión por parte dos servizos económicos municipais, o contido destes documentos responde ao disposto no artigo 175 do RLSG e o Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana.

7. ESTUDO DA PAISAXE E ESTUDO ACÚSTICO

Segundo o art. 168 do RLSG os plans especiais deberán incorporar un estudo da paisaxe urbana; como anexo V da memoria xustificativa incorpórase unha memoria xustificativa da adaptación ao ambiente e protección da paisaxe, na que se inclúe un estudo da paisaxe urbana. O anexo XI da memoria xustificativa incorpora un estudo acústico (elaborado pola empresa SONEN) consonte ao Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, e ao Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

8. AFECCIÓNS SECTORIAIS

O ámbito do plan especial está suxeito ás servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Vigo (RD 584/1972 e o RD 2278/1986 polo que se establecen as servidumes aeronáuticas del aeroporto de Vigo). O apartado 4 do anexo 6 á memoria contén unha xustificación do cumprimento da normativa en materia de servidumes aeronáuticas, no que se xunta unha imaxe das servidumes respecto da situación do ámbito. De acordo coa Disposición adicional segunda do RD 2591/1998 deberá solicitarse informe previo á aprobación inicial.

Unha pequena parte do ámbito do PERI está na zona de influencia de 500 metros que sinala a lexislación en materia de costas. O apartado 3 do anexo 6 á memoria contén unha xustificación do cumprimento da normativa en materia de costas. No plano de información PINF_04IOT_AFEC se reflicte a liña da zona de influencia. Consonte ao artigo 117 da Ley de Costas, na tramitación de todo planeamento territorial e urbanístico que ordene o litoral, o órgano competente deberá enviar con anterioridade a súa aprobación inicial, o contido do proxecto correspondente á Administración do Estado para que esta emita, no prazo dun mes, informe comprensivo das suxestións e observacións que estime convenientes.

A estrada do Vao, denominada EP-2003 Coruxo-Canido, lindeira ao ámbito e pola que se propón o acceso, é unha estrada competencia da Deputación Provincial de Pontevedra. A ley 8/2013 de estradas de Galicia (art. 23.2), e o seu regulamento, establecen que os instrumentos de planeamento urbanístico deben remitirse para informe das administracións titulares das estradas con posterioridade á aprobación inicial.

9. REVISIÓN DO PLAN XERAL EN TRAMITACIÓN

O Concello de Vigo iniciou, mediante acordo plenario do 18.12.2015, o expediente de Revisión do PXOU de 1993 (Expediente n.º 15313/411). A documentación da Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal, na súa versión para aprobación inicial de data xullo 2021, foi aprobada inicialmente polo Pleno do Concello de Vigo o 26/08/2021 (publicado no DOG do 15/10/2021).



Concello de Vigo

O ámbito do plan especial coincide sensiblemente coa delimitación do solo urbano non consolidado incluído a efectos de xestión no ámbito remitido a un plan especial de reforma interior co código 702 e denominado Camiño Ceán-Estrada Vao, do distrito 7, cuxo uso característico é o residencial e como ordenanza de referencia ten a 6 de vivenda unifamiliar. Xa que logo, as previsións da revisión do plan xeral para este ámbito parecen estar en consonancia coas do plan especial obxecto do informe.

10. CONCLUSIÓNS.

Tras a análise da documentación presentada do plan especial de reforma interior, a teor das consideracións anteriores, e a xuízo da técnica que subscribe, pódese afirmar que cumpre cos requisitos formais e de contido establecidos na normativa vixente de aplicación, e o nivel de definición da documentación é adecuada para a súa finalidade. Asemade, a proposta de ordenación do plan especial responde aos criterios e obxectivos sinalados polo plan xeral vixente, e o contido recolle as condicións establecidas no que atinxe ao cumprimento de estándares de reservas, establecidas na lexislación urbanística.

Terase en conta na tramitación as cuestións sinaladas nos apartados 3 e 8 do presente informe: conforme ao establecido no artigo 157 do RLSG será necesaria a audiencia previa aos propietarios afectados polo axuste da delimitación; sen prexuízo de recabar outros informes que sinale a normativa de aplicación, deberán recabarse os informes sectoriais en materia de costas, aviación civil e estradas.

É todo canto teño a ben informar, dende o punto de vista técnico, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito (..)."

Asemade, obran e se incorporan ao expediente electrónico de razón, os seguintes informes técnicos.

- Informe da Técnica de medio ambiente da oficina de planeamento e xestión, de data 18.03.2022, circunscrito á Avaliación acústica da documentación para aprobación inicial do Plan Especial de Reforma Interior da Unidade de Actuación 1 Ceán do PXOU 93, e integración das medidas relativas ás cuestións ambientais establecidas no Informe Ambiental Estratéxico.

- Informe do Enxeñeiro civil da oficina de urbanización e infraestruturas, de data 19.03.2022, sobre a suficiencia das infraestruturas.

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

II.I.- Normativa Básica aplicable

Plan Básico autonómico de Galicia, Decreto 83/2018, do 26 de xullo,

Plan de ordenación do litoral de Galicia, Decreto 20/2011 do 10 de febreiro,

Directrices de ordenación do Territorio, Decreto 19/2011, do 10 de febreiro,

LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia),

RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia), e as súas modificacións,

L. 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación ambiental,

L. 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio cultural de Galicia,

L.8/2012, do 29 de xuño, de Vivenda de Galicia,
L.10/2014, do 3 de decembro, de Accesibilidade,
D. 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia,
Lei 7/2017, do 14 de decembro, de medidas da eficiencia enerxética e garantía da accesibilidade á enerxía eléctrica,
Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído,
Lei 9/2014, do 9 de maio, Xeral de Telecomunicacións,
Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia,
Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia,
Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia,
Lei 37/2015, do 29 de setembro, de Estradas,
Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia,
Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, LRBR (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),
LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),
Lei de Rehabilitación e de rexeneración e renovación urbana- Lei 1/2019, do 22 de abril, e as súas modificacións,
Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia (NNTT), aprobadas pola Orde do 10.10.2019 da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda (DOG 25.11.2019),
Lei de protección da paisaxe de Galicia, Lei 7/2000, do 23 de marzo, e as súas modificacións,
Decreto 96/2020, do 29 de maio polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe,
Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices da paisaxe de Galicia,
Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),
PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG núm 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P 133, o 14 de xullo de 1993,
O instrumento de ordenación provisional do Concello de Vigo, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo con data do 24.07.2019 , no expediente 16022/411,
O resto de disposicións que puideran afectar,

II.II- Ámbito, Obxecto e Natureza Xurídica

O presente Plan Especial de Reforma Interior sitúase no lugar de Ceán, na parroquia de Coruxo, ao pé da Estrada do Vao (estrada provincial EP-2003), que enlaza as diferentes estradas paralelas á costa (de sur a norte: PO-552, PO-325 e PO-324) e da acceso á praia do Vao, un dos principais areas da Ría de Vigo. O ámbito atópase encravado no denso agregado urbano que se estende dende o núcleo urbano de Vigo polo litoral cara o límite oeste do termo municipal.

O ámbito de actuación corresponde ao da unidade de actuación en solo urbano D SU UA-1 CEÁN, delimitada polo Plan Xeral do concello de Vigo de 1993. A delimitación adoptada do ámbito do PERI resulta de axustar a delimitación establecida no PXOU-93 ao límite do solo urbano consolidado (SUC) tal como se recolle no vixente Instrumento de Ordenación Provisional, aprobado definitivamente polo pleno do Concello de Vigo con data 24.02.2019 axustando o límite leste á realidade parcelaria e incluíndo a



Concello de Vigo

superficie necesaria da parcela lindeira (19 m²) para garantir a continuidade e anchura viaria no entronque do novo viario e a estrada EP-2003. A delimitación adoptada é practicamente coincidente coa do ámbito de solo urbano non consolidado SUNC-702 delimitado no PXOM aprobado inicialmente o 26.08.2021.

A delimitación do ámbito do PERI abrangue así unha superficie de 7.082 m² correspondentes a terreos situados sobre a estrada provincial EP-2003 coa que limita polo sur. Polo noroeste o límite do ámbito o conforma o camiño do Ceán, limitando en todo o resto do contorno con solo urbano consolidado constituído por parcelas edificadas na súa práctica totalidade con vivendas unifamiliares (zona de ordenanza 10 no IOP). O axuste de delimitación realizado supón unha redución en 558 m² do ámbito do PERI (7,30%) en relación á superficie delimitada polo PXOU-93 (7.640 m²), segundo resulta dunha medición precisa do ámbito grafitado, malia que a ficha da D SU UA-1 CEÁN refire erradamente unha superficie de 6.120 m². A alteración da superficie é, en todo caso, inferior ao 10% da superficie do ámbito delimitado polo plan xeral, de conformidade co disposto no artigo 65.2 LSG.

Deste xeito, e no que atinxe ao ámbito e aos obxectivos da presente Modificación, remitímonos integramente ao reflectido no antedito informe técnico do 17.03.2023, por non incorrer en repeticións innecesarias.

Neste senso, a súa natureza é a dun plan de desenvolvemento, dos relacionados nos artigos 70 e 72 da LSG e nos artigos 177, 178, e 180 a 181, así como o artigo 184 do seu Regulamento de desenvolvemento, coas finalidades, obxecto e documentación que neles se describen.

II.III.- Exame da documentación técnica e cumprimento da normativa de aplicación

A documentación que neste intre se somete a aprobación inicial, consiste na documentación técnica presentada no Rexistro xeral desta XMU con data do 22 de novembro de 2022,- Doc. Núm. 220289647; Sobre a suficiencia e conformidade da documentación técnica *supra* relacionada e da ordenación proposta, informou con data do 17.03.2022 a arquitecta do servizo de planeamento de desenvolvemento e xestión, no que conclúe que:

"(...)Tras a análise da documentación presentada do plan especial de reforma interior, a teor das consideracións anteriores, e a xuízo da técnica que subscribe, pódese afirmar que cumpre cos requisitos formais e de contido establecidos na normativa vixente de aplicación, e o nivel de definición da documentación é adecuada para a súa finalidade. Asemade, a proposta de ordenación do plan especial responde aos criterios e obxectivos sinalados polo plan xeral vixente, e o contido recolle as condicións establecidas no que atinxe ao cumprimento de estándares de reservas, establecidas na lexislación urbanística(..)"

O dito instrumento de planeamento, na súa versión para a aprobación inicial, confórmase polos seguintes documentos:

- 01.MX
 - índice xeral
 - memoria informativa
 - memoria xustificativa
 - anexos:
 - anexo I: ficha resumo
 - anexo II: estudo de avaliación da mobilidade
 - anexo III: ficha vixencia de planeamento
 - anexo IV: marco normativo de referencia

- anexo V: memoria xustificativa de adaptación ambiente e protección da paisaxe
- anexo VI: cumprimento da normativa sectorial aplicable
- anexo VII: relación do parcelario catastral
- anexo VIII: infraestruturas
- anexo IX: memoria de impacto de xénero
- anexo X: reportaxe fotográfica do ámbito
- 02.PINF
 - índice e 19 planos de información
- 03.PORD
 - índice e 15 planos de ordenación
- 04.NU
 - normativa urbanística
- 06.EE
 - estudo económico
 - memoria de viabilidade económica
- 07AAE
 - documento ambiental estratéxico e planos alternativas (da fase anterior).

Nesta liña de análise, e en atención ao sinalado pola arquitecta municipal verbo do pronunciamento xurídico respecto á incorporación dun resumo executivo a documentación achegada, compártese o esgrimido polos promotores, que non procede, toda vez que a aprobación inicial do presente PERI non supón a “alteración da ordenación vixente no ámbito , dado que será o propio PERI o que a estableza, nin require da suspensión de licenzas no mesmo (artigos 86.4 do RLSG, art. 349 RLSG en relación aos artigos 95 e 18 LSG e 27.2, 28.1 e 205 RLSG)

En conclusión, o presente expediente sometido á consideración xurídica desta Técnica de Admon. Xeral, está completo, e por conseguinte, procede a súa aprobación inicial.

Finalmente, no que respecta á emisión de informe de intervención, sinalar que, en expedientes de análoga natureza, o Interventor xeral municipal tense pronunciado no seguinte senso:

“(..)A competencia para “As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do plan xeral non atribuídas expresamente ao Pleno, así como dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización”, nos municipios de gran poboación, correspóndelle á Xunta de Goberno Local (art. 127.1.d) da Lei 7/1985), por maioría simple, é dicir que para a súa aprobación non se esixe unha maioría especial. No caso do expediente examinado, esta aprobación realizarase por proposta do Consello de Xerencia da XMU (art. 10º.1.b) dos Estatutos da XMU); Tendo o Plan Especial de Reforma interior (...) a natureza dun instrumento de planeamento de desenvolvemento previsto no PXOM/1993, a súa tramitación e aprobación non está sometida a fiscalización previa da Intervención municipal, por non constituír un acordo que comporte a aprobación de gastos ou recoñecemento de obrigacións de pago, nin tampouco se esixa a constancia no expediente de documentación de retención de crédito respecto dos investimentos que deba acometer a Administración actuante a resultas das determinacións do instrumento de planeamento, de ser o caso, nin tampouco a control financeiro xa que non se trata dunha materia para a que legalmente se esixe unha maioría especial.

II.IV.- Axuizamento dos informes sectoriais recadados nesta fase do procedemento

Incorpóranse e forman parte do presente expediente, os informes sectoriais recadados consonte ao esixido pola normativa urbanística e sectorial de aplicación, segundo as características do ámbito e nesta fase do procedemento:



Concello de Vigo

- Informe do 13.01.2023, emitido pola Xerencia da Área de Patrimonio e Urbanismo Noroeste Asturias e Galicia, do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) , no eido das súas competencias sectoriais atribuídas, no que conclúe que, analizado o contido da documentación facilitada, as dúas alíneas férreas que discorren polo municipio de Vigo, se atopan situadas a unha distancia considerable do ámbito da actuación en solo urbano D-SU UA 1 Ceán (Vigo) polo que, se entende que non están afectadas por dita actuación.
- Informe do 10.01.2023 , emitido pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, no que se inclúen unha serie de observacións e/ou consideracións a ter en conta, logo da aprobación do dito PERI.
- Informe do 10.02.2023 , emitido pola Unidade de Estradas de Pontevedra, -Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda urbana, no eido das súas atribucións sectoriais conferidas, no que conclúe que, revisada a documentación presentadas, se observa que, o PER da Unidade de Actuación 1 Ceán, non afecta directamente a estradas de titularidade estatal, polo que, se resolve informar favorablemente.
- Informe do 10.03.2023, emitido pola Subdirección xeral de aeroportos e navegación Aérea conxuntamente coa Dirección xeral de Aviación Civil, do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, no que dito Centro Directivo, informa favorablemente o PERI da Unidade de Actuación UA- 1 Ceán, no que a servidumes aeronáuticas se refire, sempre e cando as construcións propostas e obxectos fixos non vulneren as servidumes aeronáuticas e sen prexuízo, no seu caso, das competencias do Ministerio de Defensa.
- Informe do 31.03.2023, de Augas de Galicia, emitido pola Xefa da área de autorizacións e concesións conxuntamente co Director xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico, no que conclúe que, o mesmo non é necesario neste momento do procedemento, debendo solicitarse unha vez se aprobe inicialmente.
- Informe de da Dirección Xeral do Dominio Público Marítimo Terrestre , de conformidade co disposto nos artigos 112 A) e 117.1 da Lei de Costas, , no que se establecen unha serie de suxestións e observacións a ter en conta no documento que se vaia a aprobar definitivamente.

Todas as consideracións/observacións aludidas nos referidos informes sectoriais, deberán ser consideradas e incorporadas á documentación técnica que se someta a aprobación definitiva.

II.V. Formulación e tramitación

No que respecta a súa formulación, o artigo 74 da LSG e no mesmo senso o artigo 185 do seu Regulamento de desenvolvemento, estipula que os plans especiais poderán ser formulados polos Concellos, pola administración autonómica, por outros órganos competentes no ámbito urbanístico e polos particulares lexitimados para facelo.

No caso dos planes formulados polos particulares, que é o suposto que nos ocupa, deberán cumprir o establecido nos artigos 159 e 160. Asemade, con anterioridade a súa tramitación, os servizos técnicos municipais e as empresas subministradoras e/ou distribuidoras deberán informar, no prazo máximo dun mes, sobre a suficiencia das infraestruturas e dos servizos existentes e previstos, de conformidade co pautado no artigo 162.g) do mesmo corpo legal. Transcorrido o dito prazo sen que se houbera emitido o informe, poderase continuar coa súa tramitación.

O presente Plan Especial de Reforma interior, axustarase na súa tramitación e aprobación as regras establecidas no artigo 75 da LSG e 186 do seu Regulamento de desenvolvemento, do xeito que segue:

Aprobación inicial, polo órgano municipal competente e sometemento a información pública, como mínimo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Asemade notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados. Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, a Administración municipal deberá solicitar das administracións públicas competentes os informes sectoriais e consultas que resulten preceptivos. Os informes sectoriais autonómicos deberán ser emitidos no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal entenderanse emitidos con carácter favorable.

Cando con posterioridade ao trámite de información pública, se pretenderan introducir modificacións que supoñan un cambio substancial do documento inicialmente aprobado abrirase un novo trámite de información pública.

Os servizos xurídicos e técnicos municipais deberán emitir informe respecto da integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas, da calidade técnica da ordenación proxectada e da conformidade do plan coa lexislación vixente.

Cumpridos os trámites sinalados nas alíneas precedentes, o órgano municipal competente procederá a súa aprobación definitiva.

O Plan definitivamente aprobado someterase ás esixencias de publicidade que dispón o artigo 82 da LSG en relación co artigo 87 e 88 do mesmo corpo legal, e 199 do seu Regulamento de desenvolvemento, á inscrición do instrumento no Rexistro de planeamento urbanístico de Galicia, e ao que dispoña a tal efecto a lexislación de réxime local.

Dito instrumento de planeamento urbanístico será inmediatamente executivo trala a súa entrada en vigor, segundo o disposto no amentado artigo 82 da LSG.

II.VI. Aprobación inicial

A aprobación inicial ten un carácter de trámite unanimamente recoñecido pola doutrina e xurisprudencia, se ben esta é esencial, en canto inicia o procedemento e ademais, no senso de que a súa omisión, ou incluso incorrecto cumprimento, provocan un vicio determinante de anulabilidade do procedemento (artigo 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas). A súa vez dito acto de aprobación inicial, implica unha toma de posición sequera de carácter inicial, respecto dunha determinada realidade urbanística e da súa normativa.

II.VII. Órgano competente

A competencia para aprobar inicialmente o «*Plan especial de Reforma Interior da Unidade de Actuación UA-1 CEÁN*» corresponde á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (art. 127.1.d] LRBRL), por proposta do Consello de Xerencia da XMU (art. 10º.1.b) dos seus Estatutos.

Por canto antecede,- sen prexuízo do informe a emitir polo Interventor xeral municipal de ser este o caso, verbo do estudo económico así como a Memoria de viabilidade económica (art. 12.4 do TRLSRU e art. 58 LSG)- e de conformidade cos informe técnicos que obran no expediente, que se incorporan ao texto da presente e lle serven de fundamentación, consonte ao disposto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a adopción do seguinte,



Concello de Vigo

«ACORDO

PRIMEIRO: Prestar aprobación, con carácter inicial ao «*Plan especial de Reforma Interior da Unidade de Actuación UA-1 CEÁN*», instrumento urbanístico de iniciativa particular promovido pola súa Xunta de Compensación, que inclúe a documentación técnica inserida no rexistro xeral desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 22.02.2022 - Doc. Núm. 220289647-, elaborada conxuntamente con data xullo e novembro de 2022 por “OPTIMA S.L” e “SONEN SL”, respectivamente (Estudo acústico), e asinada con firma dixital válida polos arquitectos Diego Rivas Pérez e Pablo Gómez Pérez.

SEGUNDO: Someter a información pública o presente expediente, polo prazo de dous (2) meses, mediante a publicación de senllos anuncios no DOG, nun dos xornais de maior circulación da provincia, e na sede electrónica do Concello de Vigo, a efectos de que durante dito período poidan formularse alegacións e as suxestións pertinentes, computándose o remate do referido prazo de alegacións dende a data da publicación do anuncio no “Diario Oficial” de Galicia, dilixenciándose a documentación exposta pola Secretaria xeral, con notificación individual ás persoas titulares catastrais dos terreos afectados segundo relación catastral incorporada ao expediente.

Durante o referido prazo recadaranse os informes sectoriais que resulten preceptivos, de conformidade coa normativa urbanística e sectorial de aplicación.

Á vista do resultado dos trámites anteriores, resolverase sobre a procedencia de introducir no Documento de Modificación as rectificacións pertinentes cuxo alcance, determinará, no seu caso, a oportunidade e procedencia dun novo trámite de información pública e requirimento de informes, artigo 144.12 RLSG.

TERCEIRO: O contido íntegro do instrumento inicialmente aprobado estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#/, e no Portal de Transparencia.

Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano competente para resolver decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis conveniente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(767).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non hubo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez